



<u>Acta número:</u> 7	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 27.05.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:15

### Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela  
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo  
D<sup>a</sup> María do Carme Fouces Díaz  
D. Vicente Garcia Legísima  
D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez  
D. Xosé Luis Bara Torres  
D. Demetrio Gómez Xunqueira  
D<sup>a</sup> María do Pilar Comesaña Hermida  
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño  
D. Jacobo Moreira Ferro  
D<sup>a</sup> María José Rodríguez Teso  
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> Beatriz García Riestra  
D<sup>a</sup> María Biempica Ortiz  
D. Pablo Fernández López  
D. César Alberto Abal González  
D<sup>a</sup> Rosa Encarnación Picallo Quiveo  
D. Miguel Ángel Meijón Couselo  
D<sup>a</sup> Eloisa María Nogueira Garrido  
D. Antonio Louro Goyanes  
D. Agustin Fernández González  
D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D<sup>a</sup> Blanca Vega Lorenzo

Non asiste: D. Raimundo González Carballo (que xustificou a súa ausencia)

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, declara constituída e aberta a sesión.

**ORDE DO DÍA:**

## **A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:**

### **1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 06.05.2013.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión extraordinaria de 06.05.2013, que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.

## **B) PARTE RESOLUTIVA:**

### **2.- URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO: INFORME MUNICIPAL SUBSECUENTE Á APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA.**

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría, da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, de data 23.05.2013, emitido sobre o informe municipal subsecuente á aprobación provisional do Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, formulado pola Autoridade Portuaria de Marín e Pontevedra.

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Antonio Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Louro Goyanes:** Gracias, Sr. Alcalde.

Hai que empezar lembrando que o plan especial do porto de Marín está promovido pola Autoridade Portuaria, pero ao afectar a dous municipios debe ser tramitado pola Xunta de Galicia. Nace para tentar dar solución á sentenza do ano 2009 do Tribunal Supremo que declaraba nulo o plan especial do ano 2000 e obrigaba á Autoridade Portuaria, á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a correr cos gastos da retirada de máis de 300 mil metros cadrados de recheos, realizados ao amparo dese plan. O Concello de Pontevedra, no seu día, emitiu rotundamente un informe desfavorable durante o período de alegacións posterior á aprobación inicial, en base aos puntos xa explicados. O Concello volve a emitir informe negativo, nesta segunda volta, baseado nos informes dos técnicos municipais e no feito de que non foron atendidas as cuestións máis relevantes das alegacións presentadas o pasado mes de decembro. Dáse a circunstancia de que a Consellería respostou ás nosas alegacións desestimándoas expresamente, mentres que o informe elaborado pola Autoridade Portuaria reconece que cambiaron algúns aspectos da normativa previstas no plan especial, a partir das alegacións presentadas polo Concello de Pontevedra.

Este último informe negativo basease en varias cuestións: primeira cuestión, ausencia no plan especial de informes das empresas subministradoras de servizos sobre a insuficiencia das infraestruturas e dos servizos, informes obrigados pola Lei de portos do Estado e pola Lei da mariña mercantes; segunda observación, ausencia do deslinde entre os municipios de Pontevedra e Marín na planimetría do plan especial, aínda que un deslindamento non é algo que deba acometer un plan especial de un porto, hai que lembrar que ao longo das últimas décadas tense producido unha situación de indubidable inseguridade xurídica de o porto, por mor da



concesión de licencias. Hai que lembrar aquí que o límite entre Pontevedra e Marín figura na cartografía do Plan xeral de ordenación urbana de Pontevedra, aprobado no seu día pola Xunta de Galicia, un límite que é coincidente coas normas subsidiarias que naquel momento rexían no veciño Concello de Marín, un límite que coincide tamén coa orde ministerial do 3 de maio do 89; terceira consideración, ambigüidade sobre futuros recheos e falta de estudos sobre a repercusión nos bancos marisqueiros, especialmente no banco marisqueiro de Praceres, lémbrese a urxencia de ter en conta os informes da Consellería de Pesca sobre posibles impactos nas correntes da ría, con repercusións evidentes por estancamento na zona marisqueira; cuarta observación, rexeitar a xeneralización de usos industriais e comerciais que converten o porto de feito nun polígono industrial, sen embargo non hai a menor previsión para a dotación dun porto seco; quinta consideración, infraccións no procedemento da tramitación da avaliación ambiental estratéxico, este documentos non foi remitido ao Concello de Pontevedra durante a súa fase de tramitación e este Concello tivo que presentar as alegacións en base a documentos expostos a través de Internet.

En conclusión, un plan especial que non achega seguridade xurídica; un plan especial que pasa por alto a necesidade urxente de dotarnos de un porto seco; un plan especial ambiguo sobre os futuros recheos e que non despexa as dúbidas sobre o impacto ambiental das actuacións previstas.

Rechazamos este plan, en base tamén a coherencia histórica nas alegacións que ten presentado o Concello de Pontevedra. Por iso as nosas alegacións son claras e rotundas pero, ademais, consideramos que son sencillas e que serían fáciles de atender por parte da Autoridade Portuaria e por parte do órgano competente da Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Louro.

Ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

Volvo outra vez aquí a este pleno por petición expresa da comunicación que se nos fixo despois da aprobación provisoria do plan especial da necesidade de traelo a pleno.

Os informes tanto da vez pasada que veu aquí sobre o plan especial como agora son única e exclusivamente técnicos e quero resaltar que este Concello, cando fai informes de este tipo, pois normalmente e a veces por desgracia ten razón, pasou co do tren no seu momento, xa hai moitos anos, e despois pois temos a sentenza que temos; pasou co plan especial do 2000 e despois coa modificación posterior e volve a suceder agora.

Quede claro que a intención deste goberno non é obstaculizar nin poñer ningunha dificultade a que o porto estea na legalidade e coas maiores seguridades xurídicas, independentemente da nosa queixa, están aí nas alegacións, por non haber porto seco, por converter en un polígono industrial. Quede claro que non é esa a nosa intención, a nosa intención é que se faga un plan especial ben feito e, obviamente, estamos afeitos a que as tramitacións que fai a Xunta neste aspecto sexan

especialmente chapuceiras, que usen una triple vara de medir, se é un concello o que fai unha proposta aplícaselle todo libro, entón ao final non sae ou se sae non sae ben e cando é a propia Xunta ou neste caso a Autoridade Portuaria pois vale calquera cousa.

O que nos sorprende profundamente é o voto contrario do PP, non sei se quere que se faga unha chapuza para que outra vez non resolva e demais, a vez pasada abstívose con argumentos así, digamos, case de intento de ridiculización, aquilo famoso do escribano palustre; ademais cando o problema de fondo non é ese e supoño que agora tamén teremos que escoitar desvíos de atención.

Mire, o plan, en si mesmo, é bastante chapuceiro, os nosos técnicos advírtenlle de todos os faios que hai e que como corporación, cando politicamente non debería haber moitas diferenzas, simplemente a intención de que o porto estea na máxima legalidade pero en todos os aspectos, que non se asentem alí empresas que non teñen que estar, etc., e que todas as tramitacións sexan correctas, pois os nosos técnicos que teñen mostrado reiteradamente a súa solvencia e a súa capacidade para, digamos, cando din que algo está mal e hai que facelo de outra maneira pois acertan, os nosos técnicos nos din que hai que volver a reiterar que ten eses faios pois cremos que o que hai que facer e reiteralo e a Xunta e a Autoridade Portuaria o que tiñan que facer era escoitar aos nosos técnicos e facerlle caso ao que lle están advertindo e modificar o plan especial para que realmente non sexa facilmente atacable, dende o punto de vista xurídico no xulgado e poidamos definitivamente ter un porto en todos os termos legal e correcto.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Mosquera.

Ten a palabra don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Muchas gracias, Sr. Alcalde y buenos días.

Nos encontramos, como apuntaba o Sr. Louro, ante la aprobación provisional de un plan especial que intenta resolver el vacío legal urbanístico que existe en el puerto de Marín ría de Pontevedra, motivado a unos fallos judiciales que anulan los planes especiales del año 2000 y 2005. Afecta a un puerto que tiene una incidencia económica muy importante con nuestro Ayuntamiento y además se ubica dentro de nuestro término municipal parte del mismo. Estamos hablando de un puerto del Estado cuyas características más significativas se pueden resumir, genera 2.860 puestos de trabajo, produce 515 millones de movimientos económicos anuales, mueve 187 millones anuales de mercancías, se vincula con 200 empresas, recibe 600 barcos anuales y comercia con 70 países. Por lo tanto, no estamos hablando de algo baladí, estamos hablando de algo muy importante y que debemos de tratar con el correspondiente, digamos, cuidado. Esto, es más, está animando y determinando que debemos no poder palos en las ruedas sino intentar resolver que con la mayor prontitud se pueda alcanzar la aprobación definitiva de este plan especial, máxime cuando es conocido que hay dos empresas que están queriendo solicitar licencia de obra para poder abrir allí su actividad y dar entre 30 y 40 puestos nuevos de trabajo, máxime en estos tiempos y estos puestos de trabajo son directos que habría que complementarlos con los indirectos.

Nosotros hemos leído los informes técnicos de este Ayuntamiento y hemos llegado a



la siguiente conclusión: que la Corporación municipal debe dar su voto favorable ao plan especial tramitado a instancia da Autoridad Portuaria para su aprobación provisional pero con las siguientes sugerencias o compromisos; primero, pese a que el plan especial propuesto no supone un mayor incremento edificatorio que el previsto en los planes especiales anteriores, si se ha solicitado a Aquanorte, informe sobre los servicios urbanísticos de agua, pero no obstante somos conscientes que los servicios, digamos de segundo nivel, pueden tener problemas y pueden tener problemas porque los servicios han sido estudiados según un plan general del año 1989, que preveía una población de 80 mil habitantes en esta ciudad y en este momento lo tenemos sobrepasado, estamos ya en 82 mil, por lo tanto podría ocurrir que la capacidad prevista para la red de agua y por lo tanto de abastecimiento sanitario y de evacuación de aguas residuales puede estar próxima al colapso, no sólo esto sino también la depuradora de aguas sucias. Por lo tanto, sería bueno hacer una revisión el plan general actual para intentar que todos estos servicios se actualizaran y se pusieran, al menos, con las dimensiones de habitantes que tiene hoy nuestra ciudad y que se espera que siga creciendo.

Segundo, este Ayuntamiento debería estudiar las tarifas de agua que dispone con el puerto para evitar que dicho puerto haga la conexión a nuestro vecino Ayuntamiento de Marín, toda vez que las tarifas que el Ayuntamiento de Marín dispone para el consumo de agua son inferiores a las que tiene Pontevedra, y claro la Autoridad Portuaria debe de procurar conseguir los mejores precios para las empresas que se encuentran ubicadas en el puerto.

Tercero, este Ayuntamiento también debe poner en marcha la comisión de deslinde que está formada desde el año 2007, en esta Corporación fue aprobado para resolver las discrepancias que existen entre el vecino Ayuntamiento de Marín y el nuestro, toda vez que, como todos sabemos es la Ley de Bases de Régimen Local la que resuelve estos asuntos y nunca un plan especial, por lo tanto no procede pedirle al plan especial que resuelva este asunto sino que se debe ser esta Corporación con la de Marín la que lo resuelva y, por lo tanto, es lógico que active nuestro Ayuntamiento esta comisión de deslinde que ya está aprobada.

Cuarto, pese a conocer los buenos resultados del banco marisquero de Placeres del año pasado y que este plan especial ha obtenido los informes favorables de pesca, conservación de la naturaleza y costas, es bueno recordar, por este Ayuntamiento, que cada vez que se quieran hacer una ampliación del puerto se haga estudios lo más profundo posibles para que, en ningún caso, se produzca ninguna afección al mencionado banco.

Por último, y quinto, por este Ayuntamiento debe ponerse en marcha con la mayor urgencia el Plan General de Ordenación Municipal, con el fin de poder dotar de un servicio tan importante como es este puerto de un parque logístico o puerto seco, toda vez que en el ámbito del plan especial es imposible desarrollar este servicio tan necesario y que realmente potenciaría desde el punto de vista económico a un puerto que, a su vez, potencia a nuestra ciudad.

Termino, por todo lo mencionado el grupo municipal del Partido Popular, votará en contra de la propuesta del gobierno local de informar desfavorablemente el plan especial del puerto de Marín ría de Pontevedra.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Aguilar.

Sr. Louro, ten a palabra.

**O Sr. Louro Goyanes:** Gracias, Sr. Alcalde.

Sr. Aguilar, estamos informando o plan especial do porto de Marín, estamos informando iso e a este goberno municipal e a este pleno da Corporación, correspóndolle informar o plan especial do porto de Marín; podemos falar de todas as outras cousas e do importante que é o porto, claro que si, é moi importante para a economía de Pontevedra, para a economía da comarca de Pontevedra e é moi importante para Galicia, é un porto de interese xeral que, nos últimos 20 anos, ten crecido de unha maneira importante e, polo tanto, é un factor e un pilar básico da economía local e da economía comarcal, pero estamos informando o plan especial e debemos facer esa tarefa, tócanos facer esta tarefa agora e tócanos chamar a atención de algúns puntos, senón o facemos nós quen o vai facer, ademais e a nosa responsabilidade, senón contempla o desarrollo portuario noutro lugar, nun chamado porto seco, pois non o contempla, e debía pensar que o futuro do porto de Marín pois pasa por dotarse de unha área loxística onde se poida acceder con distintos xeitos de comunicación, modos de comunicación, é dicir a través de camións, a través de coches, a través de ferrocarril e todo iso que ten que ter un área loxística e, polo tanto, estamos chamando a atención de esas cuestións, non podemos facer outra cousa. Nós chamamos a atención de que queda en suspense e hai certas dúbidas en relación co futuro crecemento do porto e en relación cos recheos, que facemos calar a boca por que o porto de Marín é moi importante, claro que é moi importante e por iso dicimos esas cousas, porque queremos defendelo cara ao futuro e moitos, en función das nosas responsabilidades agora e antes, pois defendemos o porto de Marín, inversións importantes no porto de Marín e gracias ao que ten feito algunha administración, pasouse de un porto que movía 300 mil toneladas ao que move hoxe que vostede acaba de manifestar.

Polo tanto, Sr. Aguilar, eu dígolle unha cousa, fagan en este momento o que corresponde facer que é informar negativamente este plan especial e, en paralelo, Sr. Aguilar, fagamos todo como vostede acaba de dicir, algúns xa o estamos facendo póñanse vostedes tamén á tarefa.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Louro

Sr. Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Moi brevemente, sobre todo porque o pleno está moi cargado, para empezar; e, en segundo lugar os que coñecemos a historia do porto sabemos que esta foi a trécola, dende hai cando menos, que teña constancia, uns 24 anos ou por aí, no que calquera problema que se lle poñía, primeiro se había que ordenalo, non, o porto ordenábase segundo lle petaba á Autoridade Portuaria en cada momento, despois houbo que facer o plan de ordenación no 2000, trece anos despois, tarde, mal e a rastro, daqueles polvos veñen estes lodos; cando foi no 2000, igual, cando foi no 2005, igual, cando foi agora igual, sempre é o mesmo e despois a crúa realidade e que chegan sentenzas, chegan resolucións que lle da a razón ao Concello.

A única novidade que hai aquí é que o grupo do Partido Popular, antes aquí no



Concello defendía o que os técnicos municipais estudaban e propoñían e agora elíxese en portavoz da Autoridade Portuaria, e da Xunta, desairando o que esta Administración defendeu con toda a coherencia e con toda a verisimilitude, ou sexa, correctamente. Esa é a única novidade, non falo para nada, o portavoz do PP, para nada, do contido do plan, que estamos a votar, ou sexa, non lle atopou ningún defecto, ningún problema, dende o seu punto de vista, ningún; fíxonos aquí un relatorio, non sei porque non falou, non sei, do castro de Mourente, non sei, de calquera outra cousa, aproveitando que estamos falando do porto pois falamos do POXM, pero do que é o plan especial en si non falou nada.

O certo é que os anteriores que viñeron estaban mal, díxose por parte deste Concello que estaban mal e o tempo lle deu a razón de que estaban mal e este, volvemos a insistir, que non está ben, hai que corrixir toda unha serie de defectos e no ánimos máis construtivo que podemos, que creo que o que temos que facer, se algo está mal advertir de que está mal e que se corrixa. Non entendo onde está ese problema de poñer pao nas rodas nin cousas polo estilo, entón suprimase o trámite, se é algo tan interesante, tan importante, tan transcendente e calquera cousa que se diga, suprimase o trámite. Creo que debería propoñer, xa postos a falar de outras cousas, como fixo vostede, falar de que hai que cambiar algo a lei, cando sexa algo transcendente, non informan os concellos, así xa non nos vemos, nin facemos o ridículo de informar favorablemente o que propoñen vostedes, algo que está mal e que sabemos que está mal, e que os nosos técnicos nos din que está mal, supriman este trámite, se nos dan este trámite será para maior garantía xurídica, para que se poida aportar, para dicir, mire, está mal iso, cámbieo, e se sabemos que está mal porque os nosos técnicos nolo din, non entendo a súa postura, francamente, non o entendo, que resolvan a Xunta e a Autoridade Portuaria como teñan que resolver, que modifiquen o que teñen que modificar e saquen un documento decente e axustado á lei que é o que estamos pretendendo e nada máis, o resto me parece que é saír polo cerros de Úbeda.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Aguilar, ten a palabra.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Brevemente, Sr. Alcalde.

Sólo recordar que los informes, lo que apunta el grupo de gobierno con relación a lo que puede justificar el voto desfavorable es que se cae por su propio peso, ustedes están hablando de un deslinde que no puede resolver el plan especial, pero cómo puede ser eso un motivo de una alegación si eso sólo lo puede resolver otras vías distintas al plan especial, se le acabo de decir cómo además. Están hablando que hay un problema con el parque logístico, pero si el plan especial no lo puede resolver, ¿quién lo puede resolver?, el plan general de Pontevedra, es el único que puede resolverlo, entre otras cosas porque es el único término municipal colindante que tiene vía férrea, esas pueden ser alegaciones; y no ha mencionado la alegación que figura en el expediente que si se le debe un millón de euros a este Ayuntamiento, pero qué alegación es esas, qué categoría de alegación es que en unas alegaciones a un plan especial vengan ustedes diciendo que se le debe al Ayuntamiento un millón de euros, ¿eso es una alegación?, eso qué es, es una mala intención.

Por lo tanto, los únicos que hemos dado aquí realmente una respuesta seria a lo que

se está tratando hemos sido nosotros que hemos apuntado los problemas que pueda haber; hemos hecho ver que ahí puede haber unos problemas de abastecimiento de agua y unos problemas de saneamiento que hay que estudiar, hemos hablado que pese a haber informes de pesca, costa y con relación a los rellenos que están ya estudiados pero que pese a todo se tengan en cuenta para no afectarle para el marisqueo y los que hemos tratado con seriedad el asunto y hemos dicho que pese a todo se puede sacar adelante porque debería haber una colaboración de este municipio, de este Ayuntamiento, somos nosotros. Por lo tanto, las alegaciones que ustedes apoyan y les valen para hacer un informe desfavorable, realmente es que no tienen muchas de ellas ni que ver con el plan especial.

Muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Aguilar.

Non hai intervencións, está suficientemente claro o tema, polo tanto sométese a votación este informe municipal.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE ) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), presta a súa aprobación á proposta do Director Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 20.05.2013 e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Emitir, diante da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e para constancia no período de audiencia aos Concellos afectados, subsecuente á aprobación provisional do proxecto de “Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e ría de Pontevedra” que se tramita a instancia da “Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra”, e ao abeiro do disposto no artigo 88.2 da LOUG, informe municipal desfavorable con base ás alegacións e observacións que se conteñen nos informes emitidos polos Sres. Arquitecto Xefe da Oficina de Planeamento e Xestión Urbanística, Sra. Enxeñeira Técnica de Medio Ambiente e polo Sr. Enxeñeiro da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos de datas 06/05/2013, 09/05/2013 e 15/5/2013, respectivamente, aos que se presta conformidade polo presente acordo e que se incorporan ao texto do presente como motivación ao abeiro do art. 89.5 da Lei 30/1992, xunto coas seguintes observacións, alegacións e suxestións que procedemos a reiterar:

1º.- Ausencia na documentación do Plan de informes das empresas subministradoras sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, particularmente do servizo de abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

Informes que son obrigatorios segundo o previsto no art. 64.h) en relación co art. 70.2 da LOUG e, neste caso, e concretamente, en virtude das determinacións obrigatorias do Plan que nos ocupa consonte ao determinado no artigo 71.2 da devandita lei en relación co art. 56 do texto refundido da Lei de Puertos del Estado y de la Marina Mercante aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2011.

Malia que ao parecer se teñen interesado a raíz da anterior alegación municipal informes non remitidos a este Concello das restantes empresas subministradoras,





segue sen requirirse nin incorporarse ao documento elaborado informes das empresas subministradoras dos servizos de abastecemento de auga e da que xestiona a rede de sumidoiros. Aínda que o documento elaborado pola Autoridade Portuaria recoñece expresamente a insuficiencia de capacidade do sistema de abastecemento deste Concello, “que suministra al Puerto de Marín”, e malia previsión dunha serie de ampliacións das instalacións portuarias, non se teñen en consideración, nin se analizan ou prevén, as necesidades de ampliación ou reforzo dos servizos de subministro de auga potable nin de evacuación de augas pluviais e residuais. O documento carece dunha previsión das necesidades de ampliación das dotacións deses servizos, posto que, reitéramos que o actual sistema de fornecemento de auga potable que presta este Concello e que se atopa situado neste termo municipal, está ao límite da súa capacidade ao igual que sucede coa depuradora de residuais de Os Praceres, tamén emprazada neste Concello .

Reiterase a insuficiencia de aludir ao proxecto que está redactando ACUANORTE que só podería solucionar no futuro, os problemas da rede en alta, non as necesidades de ampliación e reforzo nas restantes redes de infraestruturas e servizos, e sen que o informe emitido ao parecer por Augas de Galicia, que non participa no proxecto de ACUANORTE, supla a carencia dos informes preceptivos referidos.

Insístese en que na realidade dos feitos, nin a Autoridade Portuaria nin os usuarios finais están a pagar o servizo que presta o Concello de Pontevedra malia recoñecer que é quen subministra o servizo de abastecemento de auga, acumulándose unha débeda de arredor dun millón de euros. Tampouco é de recibo que o Plan Especial reflecta na súa documentación unha ilegal e clandestina conexión á rede de alta para fornecer ao Porto, levada a cabo no termo municipal de Marín, sen autorización por parte desta Administración que presta o servizo, nas proximidades do límite con Pontevedra.

Constátase pois, unha patente ausencia no Plan Especial das medidas axeitadas para resolver os problemas de integración e coordinación que o Porto xera coas restantes dotacións urbanísticas e sistemas xerais.

2º.- Reiteramos a alegación da procedencia de que o documento recolla o deslinde entre os dous termos municipais afectados polo plan, que determinaría as competencias municipais sobre o Porto, ata que se produza o deslindamento definitivo entrámbolos municipios concorrentes no espazo portuario. Insistimos en que o deslinde que figura na cartografía do PXOU de Pontevedra vixente, aprobado pola Xunta de Galicia é coincidente co que se reflectía nas Normas Subsidiarias que no momento da redacción do Plan rexían no veciño Concello de Marín e na Orde Ministerial de 3 de maio do 1989. Aínda recoñecendo que non é obxecto do Plan especial o deslindamento dos territorios municipais, estímase que para acadar a seguridade xurídica, obxectivo sobranceiro que se pretende coa aprobación do Plan Especial, se debera manter o deslinde que se grafita na devandita Orde.

3º.- Falta de previsión da repercusión no banco marisqueiro dos Praceres, na Parroquia de Santo André de Lourizán, Concello de Pontevedra, das ampliacións que no Plan Especial se refiren das infraestruturas portuarias. Reitérase a necesidade de ponderar os informes emitidos pola Consellería de Pesca que incidían na posibilidade de modificación de correntes polos recheos que poidan afectar negativamente por enfangamento á zona marisqueira próxima ou de analizar as posibles incidencias por contaminación na cadea alimentaria. Non se atoparon na

documentación remitida os estudos hidrodinámicos que ao parecer se incorporaron ao informe de sostibilidade ambiental do proxecto, rexeitando expresamente novos recheos na ría.

4º.- Reiterar as alegacións anteriormente formuladas e reiteradas relativas á xeneralización inxustificada de usos industriais e comerciais para converter o porto nun polígono industrial e comercial sen limitación nin vinculación ao que debe ser propiamente portuario e de servizo ao porto consonte ao Plan Xeral e lexislación portuaria vixente, sen que se fagan previsións á necesidade futura de plataforma loxística ou porto seco, e tamén, as alegacións relativas á actual previsión de edificabilidades desproporcionadas, incumprindo os obxectivos do planeamento xeral de mellora ambiental e adecuada conexión co espazo urbano exterior de Estribela que impiden a transparencia visual que preconiza o art. 81 do PXOU en vigor, sen que tales determinacións supoñan perturbación ou interferencia no exercicio das explotacións portuarias proscriba pola lexislación portuaria, senón exercicio de funcións estritamente urbanísticas de coordinación e cohesión dos intereses públicos concorrentes na ordenación do espazo portuario.

5º.- Reincidir nas infraccións ao procedemento de tramitación da avaliación ambiental estratéxica e as de contido propiamente ambiental, malia que algunhas se teñan emendado a raíz das alegacións municipais formuladas.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, remitindo certificación deste acto e copia dos informes emitidos.

### **3.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.**

O Sr. Alcalde-Presidente indica que existen dúas mocións sobre o mesmo tema, incluídas nos puntos 3 e 4 da orde do día, que serán tratadas conxuntamente.

Seguidamente, a instancia do Sr. Alcalde-Presidente e polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a inclusión na orde do día das dúas mocións e considérase aprobada a súa urxencia.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG é do teor literal seguinte:

“A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de



recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fique fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo sempre no ámbito da rede pública de saúde garantindo ademáis que a información que se lle traslade as mulleres sexa clara e desvinculada das asociacións antiabortistas.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a dona María do Carme Fouces Díaz.

**A Sra. Fouces Díaz:** Moitas gracias, Sr. Alcalde.

É lamentable que a estas alturas do século teñamos que traer a debate a un pleno municipal, neste caso, algo que coidábamos que estaba xa superado. No ano 2010 ditouse una nova lei, a Lei de saúde sexual e reprodutiva de interrupción voluntaria do embarazo, que supuxo unha importante mellora á lei anterior, á lei do 85 que era unha lei de supostos e que favoreceu o dignificou dalgunha maneira a posibilidade de que as mulleres puidéramos tomar la decisión libre, voluntariamente, legalmente e con garantías sanitarias necesarias, para poder decidir en que momento e de que maneira somos nais e aceptamos a posibilidade de selo.

Como digo, foi unha lei que se mellorou, mellorou a do 85, aínda que estábamos en camiño e ese debería ser o camiño que hoxe tivéramos aquí a debate, de mellorar esa lei, de favorecer que a interrupción voluntaria do embarazo fora nos centros públicos, maioritariamente, de favorecer a formación específica dos profesionais, de favorecer os centros de planificación, de favorecer unha serie de cuestións que aínda

estaban sen desenvolver, que aínda estaban eses pasos sen dar. Nese camiño era onde tiñamos que estar, sen embargo nos atopamos nun lugar absolutamente diferente.

A Lei do 2010, baseábase, fundamentalmente, na liberdade das mulleres e nos dereitos humanos; baseábase na posibilidade de que as mulleres tivéramos a decisión sobre os nosos corpos, que ninguén nos ten que tutelar, somos adultas e sabemos tomar as nosas decisións, non somos asasinas, ninguén nos pode chamar asasinas, ninguén pode pensar que as mulleres estamos aquí para matar a ninguén e moito menos os nosos fillos ou as nosas fillas.

Pasados estes tempos, como digo, estábamos en situación de intentar mellorar a lei do 2010 e nos atopamos con un borrador que o Partido Popular pon enriba da mesa onde nos encontramos con un retroceso máis alá do ano 85, máis atrás do ano 85, lonxe de ir avanzando vamos cara atrás, neste momento para o Partido Popular que realmente importa é un programa ideolóxico que está soportado nas ideas de grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres e aos dereito de libre elección de maternidade das mulleres, representan unha porcentaxe moi pequena da poboación pero están moi arrimados ao poder, teñen fortes conexións con ministros e ministras do goberno do Sr. Rajoy e do Sr. Feijoo, e dos Conselleiros e Conselleiras de todos e todas coñecidos e ninguén ten dereito a xulgar moralmente a esas persoas porque sexan ultracatólicas ou porque pertencen a grupos integristas e relixioso, eu non os xulgo, pero que non impoñan esa ideoloxía a toda a cidadanía e moito menos ás mulleres que tanto traballo nos costa avanzar nos dereitos de igualdade real para todos e para todas.

Con este retroceso, non van descender o número de abortos, iso sábeno eles, sábeno vostedes e sabémolo todas, simplemente se van pasar á clandestinidade, simplemente vai a haber movementos cara a profesionais que seguramente poñan en risco as súas carreiras polas denuncias que van a ser e que van a perseguir e as mulleres van poñer en risco a súa saúde porque moitas das mulleres, moitas delas as rapazas máis mozas, ou mulleres sen recursos, non vai ter a posibilidade que moitas familias, incluso que hoxe se están manifestando en contra do aborto, van coller as súas mulleres, nenas, mozas, máis maiores ou menos e as van levar a outros países como é Holanda, como é Inglaterra e todos coñecemos casos, verdade, todos temos ao noso redor, familias de pro, familias de ben, familias de misa de todos os domingos e que efectivamente non están absolutamente en contra do aborto, que cando lles ven o problema a casa arrancan para onde sexa para solucionar a papeleta, verdade que iso sabémolo todos moi ben.

Apoiar, impulsar, este tipo de normas, non manifestarse en contra de este tipo de cuestión leva ás mulleres e á sociedade a unha situación de decadencia e de retroceso que eu pensei, francamente, que nunca máis ía volver a ver.

Polo tanto, pido que o grupo de goberno, o grupo do PSOE e o grupo do BNG, solicita do pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo: "Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministerio de Xustiza) a manter a aplicación da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, sempre no ámbito da rede pública de saúde, garantindo ademais que a información que se lle traslade ás mulleres sexa clara e desvinculada das asociacións antiabortistas e ademais que non se esqueza que o estado é aconfesional como así o recolle a Constitución española e rexeitar calquera inxerencia nos dereitos a unha



maternidade libre sen que estea ao ditado de ningunha moral relixiosa”.

Grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

Ten a palabra dona Carlota del Carmen Román García, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**A Sr. Román García:** Grazas, Sr. Alcalde.

Como dicía a miña compañeira do grupo municipal nacionalista, en breve presentarase unha nova regulación sobre a interrupción voluntaria do embarazo o que supón unha clara regresión sobre o marco xurídico actual, aceptado plenamente pola sociedade española. Segundo o ten anticipado o ministro Gallardón, os puntos clave serán a volta a unha lei de indicacións facultativas, moito máis restritiva que a lei do 85, que outorgou ás mulleres o dereito a decidir, a eliminación da posibilidade de interromper o embarazo, en caso de malformación fetal e, finalmente, unha intolerable fiscalización sobre o risco para a saúde da nai, nun claro desprezo e desconfianza cara ás mulleres.

Compre destacar que a restrición de dereitos en relación ao aborto non reduce o número de casos pero si as estatísticas de problemas de saúde, con isto o goberno do PP perpetraría un claro atentado contra a saúde das mulleres.

Quero facer unha reflexión, que foron moitas mulleres de xeracións anteriores que loitaron pola propia vida da muller, pola propia liberdade da muller e que, no estado actual, isto vai supor un retroceso inimaxinable. O que escóndese detrás de isto quizais é unha manobra de distracción e venme á memoria unha fábula de Iriarte sobre discrepancias ou discusións sobre galgos ou podencos; realmente é unha manobra cara a unha petición unánime e un clamor social que é afrontar a crise económica que estamos a padecer. Fronte a isto sacan unha lei con pleno retroceso, con desprezo á muller, con desprezo a decidir libremente que tanto costou chegar a estas alturas para envolver aí con esas fábula de galgos ou podencos, envolver o que realmente está a ocorrer en esta sociedade en estes momentos que é tratar de resolver a crise económica; a non ser que, e xa lle chamou a atención a conferencia episcopal, os bispos e a clase minoritaria como dicía a miña compañeira, máis ultra conservadora, retrógrada da sociedade española, teñen que facerlle un giño. Pois mire, non, non estamos por soportar unha regresión ante esta lei, non o demanda a sociedade, pero quen lles mandou agora crear un problema onde non o había, cando temos problemas realmente serios que é devolver e reducir o paro que temos na nosa sociedade, que estamos a sufrir moitos colectivos.

Moitas mulleres ao longo da historia, de moitos anos, de moitas xeracións e de moitos séculos, viñeron reivindicando o dereito que temos a muller á nosa propia vida e á noso propio corpo. Así o pedía tamén, hai un relectura de Virginia Woolf en “Un cuarto propio”, e volvemos atrás, un século máis volvemos atrás reivindicando ese cuarto propio, ese dereito ao noso corpo e á nosa vida.

Simplemente para terminar e traducilo a cifras reais, na área sanitaria de Pontevedra, é dicir, o que colle Pontevedra e o Salnés, a área sanitaria norte, os últimos datos reais son 300 interrupcións voluntarias de embarazo, entre 20 e 30 embarazos anuais con malformacións. Isto obriga ás mulleres a dar explicacións e obriga tamén a que os facultativos que son de 20 mil cores tamén teñan, vaian a

decidir, e nós teñamos que darlle explicacións e vaian a decidir uns facultativos en función da súa ideoloxía.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Román.

Ten a palabra dona María José Rodríguez Teso, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**A Sra. Rodríguez Teso:** Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todas e a todos.

Neste asunto tan delicado e importante cada un ten a súa opinión persoal e creo que ningunha muller quere interromper o seu embarazo sen un motivo realmente importante.

Comentar que, de momento, é só un borrador, non hai nin sequera un anteproxecto, así o que nós propoñemos é deixalo enriba da mesa para que cando haxa un proxecto a debater, debatámolo, creo que hoxe podemos tratar aquí outros asuntos aos que si podemos dar solución e o noso voto vai a ser a abstención neste asunto.

Nada máis, moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Teso.

Rogamos silencio. Algunha outra intervención?. Sra. Fouces, ten a palabra.

**A Sra. Fouces Díaz:** Eu a verdade é que estou estupefacta, francamente. Non estamos a falar de tubos de saneamento, estamos a falar de cousas cruciais, absolutamente cruciais no desenvolvemento da sociedade, da liberdade, da democracia, dos dereitos humanos. Senón se está de acordo con algo tan importante como é este borrador que está enriba da mesa, hai que saber tomar as decisións adecuadas e non poñer aquí dicindo vamos deixalo para mellor ocasión, a poder ser para cando o señor ministro e o seu troupe decidan que xa non hai nada que facer, que xa está debatido, as maiorías realmente son as que son e como non nos empeceamos a mover, agora mesmo, dende a sociedade, dende onde estamos, non vamos conseguir nada. Polo tanto, é unha responsabilidade inmensa si realmente non se está a favor de este borrador, se realmente non se está a favor de esta deriva que está levando a nova lei, dicir que esteamos quietos, que nos esteamos quietiños, que non fagamos nada e que esperemos a ver por onde veñen os tiros.

Ante unha situación coma esta non cabe máis que reaxir, estamos a falar de algo que é crucial para que unha sociedade sexa digna de ser vivida e é que as mulleres sexamos libres, maiores de idade, e capaces para poder desenvolver a nosa vida sen que ninguén veña a dicirnos se matamos ou non matamos, se son maior, se son un ser humano, nin sen son nada de iso. Iso é unha hipocresía, tendo en conta que a maioría das mulleres, sexan do grupo político, moral o relixioso ao que pertencen cando toman unha decisión clara de abortar, execútana, con leis ou sen elas, dá igual, as leis non van a reducir o número de abortos, só os van a ocultar. No mundo hai 46 millóns de abortos, dos cales 20 millóns se fan en condicións de inseguridade, o 17% das mulleres morren, estamos a falar de miles e miles de mulleres que morren, que máis queren.



Miren, vostedes, tanto se se absteñen como se votan en contra, están sendo responsables, corresponsables, de moito sufrimento e de moitas mortes que van a acontecer e de sufrimento que vai a haber tanto nos profesionais que se comprometan, como das mulleres que se van a sentir demonizadas, se van a sentir fóra da lei e se é xa, en si mesmo, unha decisión difícil, tomar a decisión de abortar, calcule vostede nunha situación absolutamente de ilegalidade onde sabes que podes estar sentado no banquillo dos acusados en calquera momento. Esa é unha situación intolerable e ante calquera movemento, nin borrador, nin posibilidade de ningún tipo que volva un ápice para atrás o que custou moitísimos anos conseguir, hai que mobilizarse e poñerse ao fronte do que sexa, se a nosa situación nos obriga a tomar determinadas decisións, hai que tomalas e hai que ser responsable e tomalas.

Ao Partido Popular e a todo este grupo de persoas que están ao fronte desta nova reforma non lles importa nada, nin o cigoto, nin a mórula, nin o blastocisto, nin o feto, nin o non nacido, porque se realmente lle importara todos os apoios que hai ás familias e todo apoio á Lei de dependencia que se veu labrando de todos estes tempos serían aí onde hai que fortalecer para realmente dicir que lle estamos dando apoio ás persoas que necesitan, as becas, os comedores escolares, as axudas ás mulleres, ás cuidadoras das persoas dependentes, que estaban cotizando minimamente á seguridade social para poder ter un pouquiño de vida económica autónoma e iso se lles retirou, que defensa, a que, que están dicindo, vostedes vexo que non teñen nin discurso para iso, pero que están dicindo desde tanto a Xunta de Galicia, dende as bancadas do Parlamento de Galicia, desde as bancadas do Parlamento do Congreso, que aquí están defendendo a seres humanos. Mire, mentres están defendendo a seres humanos, a ese grupo de células que están dentro das mulleres, 10 mil nenos e nenas morren de fame, UNICEF di que no Estado español se duplicou a pobreza infantil, é aí onde hai que traballar e a prevención é fundamental, a prevención pasa por unha educación afectivo social de calidade e laica, non en mans da Rede Madre como están en este momento en todos os centros educativos panfletitos enriba da mesa dos conserxes onde a Rede Madre anuncia charlitas, charlitas para dicir “niños y niñas, hay que traer hijos para el mundo”, ah pero dos outros, dos meus só cando a min me conveña, xa me encargarei eu de desfacerme do paquete da medida que eu poida.

É absolutamente intolerable que isto non se debata nunha corporación municipal ou nos estamentos en que se teña que debater. Eu apelo aos dereitos humanos, apelo á protección da vida das mulleres e da súa saúde apelo á súa liberdade e non se pode sacarse o morto de enriba desta maneira. A situación é moi grave, cara a onde camiñamos é unha situación moi difícil; un problema de calquera outro tipo se pode ir resolvendo cos anos, isto deixa polo camiño moitísimo sufrimento, sexamos responsables, por favor.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Fouces.  
Sra Román, ten a palabra.

**A Sra. Román García:** Simplemente subscrito o que di a miña compañeira e soamente unha pequena matización. A lei actual que é do 2010, foi avalada polo Consello de Estado, que mesmo resaltou a súa constitucionalidade, non ten sentido abordar unha reforma de esta lei antes de que o Tribunal Constitucional se pronuncie

en resposta ao recurso que o propio PP interpuxo no 2010 contra esta proposta de lei, é dicir, non ten sentido, primeiro, está avalada polo constitucional. Vostedes, no mesmo momento, xa anunciaron que ían a facer un recurso e sen esperar ao que diga o Tribunal Constitucional, van e propoñen unha nova reforma de esa lei, é unha total contradición.

Nada máis, moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas. Algunha outra intervención?. Non hai máis intervencións?

Sra. Román, ten a palabra.

**A Sra. Román García:** Señor Alcalde, está acordado, súmanse as dúas propostas de moción, engádese ao punto do grupo municipal nacionalista: "o primeiro punto, instar á Xunta de Galicia que demande do goberno do Estado e do ministro de Xustiza, manter e aplicar a lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, sempre no ámbito da rede pública de saúde pública, garantindo ademais que a información que se lle traslade ás mulleres sexa clara e desvinculada das asociacións antiabortistas e que non esqueza que o Estado é aconfesional como así o recolle a Constitución Española e rexeitar calquera inxerencia no dereito a unha maternidade libre sen que estea ao ditado de ningunha moral relixiosa.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Ese o texto que se somete a votación, xa o pasan por escrito despois.

**O Sr. Secretario:** Este é o texto, e a exposición do motivos, cal será?.

Contesta a **Sra. Román García:** A exposición de motivos e a mesma.

Aclara o **Sr. Alcalde-Presidente:** A ver, é a moción do BNG con un engadido do Partido Socialista.

Rematado o debate a Alcaldía-Presidencia somete a votación o texto finalmente consensuado entre os grupos autores de ambas mocións.

Xa que logo, realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE ) e a abstención de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), acorda:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo sempre no ámbito da rede pública de saúde garantindo ademais que a información que se lle traslade as mulleres sexa clara e desvinculada das asociacións antiabortistas.

Segundo.- Que non esqueza que o Estado é aconfesional, como así o recolle a





Constitución Española, e rexeitar calquera inxerencia no dereito a unha maternidade libre sen que estea ao ditado de ningunha moral relixiosa.

#### **4.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A DEFENSA DO DEREITO Á LIBRE DECISIÓN DAS MULLERES Á MATERNIDADE.**

Esta moción tratouse conxuntamente co anterior punto da orde do día.

#### **5.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INTERESANDO DA XUNTA DE GALICIA A APROBACIÓN DUNHA MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), que se aproban definitivamente por Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, (DOG 22 de febreiro) e o plan territorial integrado denominado Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL), aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, (DOG 23 de febreiro) inciden no proxecto sectorial aprobado pola Xunta (caducado e declarado ilegal por varias sentenzas) para o asentamento industrial de Lourizán (ENCE) e no propio complexo industrial contaminante (condenado por delito ecolóxico) de ENCE-ELNOSA.

A lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (LOTG), configura as DOT como instrumento de carácter global, expresión da política territorial que constitúe o marco xeral de referencia. Nelas estabelécense as pautas espaciais de asentamento das actividades, consonte ás políticas sociais, económicas e culturais emanadas da comunidade, con integración, si é o caso, as emanadas desde o Estado así como as propostas que xurdan desde las entidades locais.

A LOTG directamente e a través das DOT e do POL vincula aos demais instrumentos urbanísticos de rango inferior como o proxecto sectorial referido e o propio PXOM de Pontevedra e salienta a forza vinculante dos plans territoriais integrados, como o POL, que pauta as condicións para o desenvolvemento urbanístico e a implantación no eido litoral de instalacións destinadas a usos produtivos, turísticos e recreativos.

As DOT definen, xa que logo, o modelo territorial da Galiza que orienta as actuacións sectoriais proporcionando criterios territoriais e ambientais para a elaboración dos proxectos sectoriais e, no que atinxe ao complexo contaminante ENCE-ELNOSA, refírese ás “actuacións previstas como é a saída de Ence da ría prevista para 2018” para determinar de xeito estratéxico que :

“(…)Requírese unha reordenación dos usos, trasladando cara a outros

emprazamentos instalacións e actividades que non precisan localizarse xunto ao mar e que na actualidade significan un elevado custe de oportunidade. É o caso de numerosas actividades industriais, a máis importante das cales é a gran planta de celulosa que limita a conexión de Pontevedra coa marxe meridional da súa ría”.

Consonte ás DOT o Planeamento municipal do Concello de Pontevedra debe evitar o emprazamento de usos industriais xeradores de impacto ou que non teñan necesidade de emprazar xunto ao mar para garantir a súa viabilidade “....Neste contorno evitárase, na medida do posible e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturais xeradores de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade”. É pois impensable un informe medioambiental favorable por parte da Administración Galega a unha hipotética prórroga da concesión.

Segundo o POL, as instalacións que nos ocupan intégranse no eido dun ámbito de re-cualificación nunha “área continua de mellora ambiental e paisaxística” con incidencia de corredores, e o propio no seu artigo 95 do POL, remite expresamente ao planeamento urbanístico para establecer os parámetros e condicións dos usos existentes para este complexo industrial, que se inclúe nun área con grao 3 de compatibilidade, isto é:

“As súas determinacións considéranse incompatibles, xa que necesitan levar a cabo axustes na súa delimitación ou determinacións urbanísticas de carácter xeral ou detallada, para incorporar os principios do Plan de Ordenación do Litoral. “ (Art. 101 POL).

O prazo de vixencia outorgado para a renovación da AAI concedida a ENCE (31.12.2015) coa oposición do Concello de Pontevedra, é superior ao prazo máximo que dispón este último para modificar ou revisar o PXOU para adaptalo ás determinacións do POL, 3 anos consonte á Disposición transitoria 1ª do POL.

A referida adaptación tería que cumprimentar, en todo caso, a Disposición adicional 3ª do POL co seguinte teor literal:

Disposición Adicional 3ª.-Ence.

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.
2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluírá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións



actuais de hidrodinámica e planta do areal.

3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.

4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuirase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

Malia petición expresa de caducidade por parte do Concello afectado e das Sentenzas que declaran que non é conforme a dereito o acordo aprobatorio do proxecto sectorial de ENCE, a CMATI segue a esixir do Concello que recolla no seu novo PXOM as determinacións do proxecto sectorial aprobado no seu día pola Xunta, e inda por riba -como patente demostración da nula intención do PP por resituar o complexo industrial referido e devolver os terreos usurpados á ría- a nova modificación aprobada polo Parlamento do Estado da Lei de Costas, racha coa previsión do horizonte temporal do 2018 referido nas DOT e no POL, para permitir ou habilitar unha privatización encuberta do dominio público de tódolos galegos 75 anos máis, en beneficio dunha entidade privada, contaminante e que está a impedir o crecemento económico e social da bisbarra de Pontevedra.

De facto, vai habilitar que a empresa estea 135 anos na ría, o que supera con creces a idade máxima de vida dun ser humano, o que supón unha grande fraude ao carácter demanial “constitucionalmente imprescritible” do espazo que ocupa ENCE.

Xa que logo, para dar máis claridade e seguridade ás determinacións vencellantes do POL e en desenvolvemento das determinacións das DOT, así como para despexar o camiño que posibilite a tramitación e aprobación do novo PXOM de Pontevedra, proponse a adopción do seguinte ACORDO:

Interesar da Xunta de Galicia á inmediata redacción, tramitación e aprobación dunha modificación da Disposición Adicional 3ª do POL en desenvolvemento das previsións das DOT e en atención ao interese público e á utilidade social dunha actuación demandada pola inmensa maioría da cidadanía da bisbarra de Pontevedra e de todo o noso país e prevista nas DOT, e no obxectivo irrenunciante de abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto no POL para os terreos actualmente ocupados, por ENCE, que a modificación da lei de costas tenta cercenar, modificación que teña o seguinte teor literal:

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que deberá quedar, en todo caso,

vacante nun prazo máximo que remata no mes de xullo do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.
2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.
3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.
4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírse a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Gracias, Sr. Alcalde.

Esta moción ben a seguir, digamos, cunha liña argumental que xa este pleno se ten pronunciado moitas veces e sobre a permanencia ou non de ENCE en Lourizán, de ENCE-ELNOSA, porque ELNOSA sempre nos esquecemos dela e está aí tamén en Lourizán, pero como o texto e as disposicións legais que cita só fan referencia a ENCE pois centrarémonos en iso. Ao principio había a esperanza, a ilusión, a suposición de que no 2018, como moi tarde, ENCE se tiña que desprazar de aí; cando foi o POL o Concello de Pontevedra alegou e no texto definitivo, e nas DOT tamén, no texto definitivo tanto de un documento como de outro, nas DOT en sentido moi xenérico no POL en sentido bastante máis concreto pero moi estudado para que non atara nada, pois digamos que remite, fai un texto no que di que eses son terreos a recuperar que están afectados por corredores, está a mellora paisaxística, ambiental, etc.; pero chega, digamos, a rizar o rizo de tal maneira que pon prevista



para 2018 sen, digamos que xa se realizou de aquela, sen facer ningunha asuncións expresa de determinacións vinculantes por parte da Xunta canto ten toda a competencia para facelo, a Xunta ten competencias exclusivas en urbanismo, ordenación del territorio e ordenación del litoral, a ese título precisamente é ao que se acolleu para elaborar o POL.

A proposta que se fai, é darlle coherencia a esa declaración de intencións que se fai no POL, sen carácter especialmente vinculante para que o sexa, para que a Xunta exerza as súas competencias, as que ten, e neste campo tenas e moi importantes e moi potentes e poña expresamente que non é prevista para o 2018, senón que a Xunta determina que no 2018, en canto expira a actual concesión de ENCE pois que iso pasa a estar protexido e, polo tanto, aínda que a Xunta no pode condicionar que se prorrogue o non a concesión, porque esa é unha competencia do Estado pero si pode condicionar o uso, en canto a condición de uso a prórroga deixa de ter ningún sentido. Isto é o que se propón que é algo bastante máis serio se realmente se quere que o futuro de ENCE teña prazo de caducidade e non se amplíe 75 anos ou os que sexan, que é bastante máis serio que esas declaracións absolutamente de saír do paso e de enredar de que se hai un informe de que se previo informe, aínda hoxe saía na prensa o Conselleiro de Industria, determinante ou non determinante non sei que non sei cando, mire, deixe de emitir informes administrativos rutinarios e exerza as súas competencias que neste caso son claras e indiscutibles. Polo tanto, poña no POL que nos 2018 ENCE e a marisma de Lourizán queda estritamente protexida e o único que se pode facer aí é recuperala.

Despois falaremos do PXOM e falaremos de outras cousas e unha cousa moi curiosa que cando se fixo esta adicional terceira, digamos que se comunicou, se vendeu que esta adicional terceira supoñía condicionar o de ENCE, condicionar que ENCE se marchara no 2018, por desgracia no está redactado así, esta remitido a..., previsto a 2018, pero sen atalo e sen determinalo. As actuacións posteriores foron moi claras, porque hai un proxecto sectorial, o POL mándase ao proxecto xeral, se o POL, tal como está redactado, realmente obrigara a irse a ENCE no 2018, obviamente pois o proxecto sectorial está anulado polo POL, non é así porque o POL fai unha determinación xenérica, digamos, facendo unha delegación, unha renuncia a exercer as competencias da Xunta.

En todo caso, nós cremos que si houbera a máis mínima intención por parte da Xunta de exercer as súas competencias e de exercer unha presión sobre ENCE que incluso o propio Presidente da Xunta chegou a dicir que incluso depende das condicións e demais, sería bo que neste Concello fora por unanimidade, a Xunta aprobaría isto, por que?, porque deixa á Xunta nunha postura de forza con respecto a ENCE, ou sexa que está absolutamente xa determinado a favorecer a ENCE na súa intención de ganar o máis posible a conta do medio ambiente, á conta da ubicación que ten hoxe, ou se realmente quere renegociar con unha postura de forza con respecto a ENCE pois modificaría o POL, co cal se ENCE, independentemente de que parece obvio que a postura do Presidente da Xunta e do PP en xeral é favorable a que siga aí ENCE, pero independentemente de iso se o que se quere é poñer en condicións e chegar a unha postura forte a negociar con ENCE, obviamente o aprobaría, porque como agora está que ENCE poda seguir aí, pois tamén estar que non poda seguir aí, co cal nun futuro pódese cambiar, entón agora o aprobaría simplemente para ensinarlle os dentes a ENCE incluso aínda que fóra a favor, obviamente nós somos radicalmente contrarios a que siga aí e, polo tanto, non faríamos iso pero digo que incluso no caso do Presidente da Xunta debería facer iso.

Ese é o contido da moción que creo que é bastante claro no sentido de pedirlle á Xunta que exerza as súas competencias, que poña no POL, no DOGA, porque declaracións de ENCE escoitamos moitísimas agora no DOGA ou no BOP sempre as que saen son favorables a ENCE, pois poñede algunha que lle coute esa expectativa de negocio indefinido na marisma de Lourizán, do Lérez, etc., e así deixar fixada a postura no DOGA, deixar fixada a postura onde corresponde.

Fíxose a modificación dunha maneira moi breve, soamente cambia un par de liñas do POL para que sexa tremendamente simple e está presentada xa no Parlamento pero cremos que sería sumamente interesante que fose por unanimidade desta Corporación a proposta tamén á Xunta.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Fernández González:** Grazas, Sr. Alcalde.

Quero comezar indicando que calquera moción, solicitude ou requirimento que inste o abandono por parte de ENCE das marismas de Lourizán no ano 2018, ou antes, sempre vai a contar co apoio dos socialistas.

O partido socialista ven mantendo a necesidade do traslado de ENCE a unha ubicación máis axeitada e, polo tanto, a moción presentada polo compañeiro Mosquera vai a contar co voto favorable dos socialistas.

Aproveitando esta moción e esta situación, me gustaría facer algunhas reflexións, tanto de carácter xeral con respecto a ENCE, como da moción en si mesma. ENCE é un tema recorrente na política municipal que, de un ou outro xeito, acaba por ter sempre un espazo importante na axenda dos grupos políticos, non, e ocorre que a veces falamos sen coñecer ou querendo descoñecer a historia, incluso a intrahistoria, deste chamado complexo industrial. Unha historia que comeza no ano 1958 cando o Estado outorga unha concesión ao xa desaparecido INI para ocupar 625 mil metros cadrados das marismas de Lourizán para instalar unha fábrica de papel kraft, logo, despois, co replanteo limitouse en 463 mil metros cadrados. Ao seguinte autorízase unha transferencia desa concesión á Empresa Nacional de Celulosas e os termos e o contido desa concesión seguen invariables, non varían nin unha coma nos últimos 54 anos, a concesión está outorgada e segue vixente, para a explotación dunha fábrica de pasta de papel Kraft, nada máis.

Este Concello, no ano 65, cualifica a actividade como molesta e nociva, segundo, no aquel momento vixente, regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas. No ano 1970, cométese unha nova barbaridade e autorízase a segregación de algo máis de 9.000 metros para a concesión da instalación da fábrica de ELNOSA; neste mesmo ano de 1970, autorízase a transferencia da concesión a ENCE, sociedade anónima. A importancia de todo isto, cal é?, é que cada vez que hai unha transferencia, ou cada vez que hai unha segregación hai unha autorización do Consello de Ministros. No ano 1996 apróbase o deslinde e inclúense os terreos onde está ENCE no dominio público marítimo terrestre, a pesares das alegacións contrarias da empresa que foron desestimadas. No ano 99 fíxase un prazo concesional, de acordo co establecido na Lei de costas e no regulamento que a



desarrolla, non é o momento de falar aquí da EDAR pero o certo é que se produce a ocupación dunha parcela outorgada a ENCE sen autorización, ao contrario do vimos vindo ata agora; nin tampouco vou a falar do emisario submarino que carece de concesión, o cal non é unha cuestión subxectiva, é algo recoñecido na última sentenza da Audiencia Nacional.

Nos terreos da concesión consta, así mesmo, a existencia de unha planta de coxeneración de enerxía, a existencia non é porque a vira eu, é que o di o servizo de Costas de Pontevedra nun informe emitido pola xefa provincial, un informe de lectura interesante porque se atreve a definir que a instalación de unha planta de coxeneración de enerxía eléctrica é, nin máis nin menos, que unha “redifinición semántica”, cito textualmente, do que é a concesión primitiva de pasta de papel Kraft, é unha interpretación sui géniris que fixo, no seu momento, a xefa do servizo provincial de Costas.

O que non consta, en ningún lugar do expediente administrativo, é que haxa unha concesión administrativa para a instalación de esa planta de coxeneración de enerxía e, ao longo dos anos, a empresa descaradamente vai facendo outras moitas obras de ocupación do terreo. Se un se para a ler, pide unha certificación rexistral e a comproba, verá que hai máis de 20 construcións dentro da concesión, a maioría de dubidosa vinculación co obxecto da concesión para as que non hai nin autorización, nin concesión, nin sequera licenza municipal e, curiosamente, cando se produce a privatización absoluta da empresa, resulta que tampouco hai ningún tipo de autorización por parte de ningún Consello de Ministros.

A Audiencia Provincial de Pontevedra, ditou unha sentenza, condenando por delito ecolóxico a unha serie de persoas vinculadas a ENCE, ao grupo empresarial ENCE e tamén a ENCE á empresa como responsable civil subsidiario, delito ecolóxico que supón un incumprimento claro das cláusulas de concesión do ano 1958 e, polo tanto, é motivo de rescate da concesión.

E a onde queremos chegar con isto?. Primeiro, a que hai unha demostración obxectiva de que a empresa incumpriu, non unha senón moitas veces, as cláusulas da concesión que se outorgaron no seu día e que aínda están vixentes e isto que estou dicindo é un breve resumo, o relatorio enteiro ocupa 80 folios, letra Arial, tamaño espazo liña e media, e as cláusulas de un contrato obrigan e as cláusulas de unha concesión tamén obrigan, polo tanto, ou se cumpren todas ou hai que rescatar a concesión e niso estamos, ou se cumpren todas ou hai que rescatar a concesión. Bastaría con este detalle para que ENCE tivera que pechar, bastaría con que o servizo de costas impulsase un procedemento de caducidade en lugar de darlle cobertura aos incumprimentos reiterados da empresa e así non faría falta debater mocións ou estar pendentes de prórrogas de 75 anos. Hai quen leva nesta batalla moito tempo, unha batalla que debeu comezar incluso antes non só dende instancias privadas, pero estamos nesa batalla.

Con respecto á moción, quería sinalar que noto a faltar referencias a elementos tan importantes como é ELNOSA, instalacións que tamén deben desaparecer de aí antes do 2018 e que sería conveniente que tamén se reflectisen na moción. Con respecto ao contido, nada que dicir, está ben, imos a apoialo aínda que a nós nos parece que é un contido como punto de partida pero non de chegada, o punto de chegada ten que ser ineludiblemente a recuperación absoluta deses terreos e a entrega de eses terreos ao dono de eles que é o mar, eses terreos son marismas e, polo tanto, son mar, e sobre eles non cabe ningún tipo de ordenación urbanística

porque non se pode ordenar o mar, calquera outra cousa é inaceptable, calquera impedimento físico que supoña a imposibilidade de recuperación integral é inaceptable, eses terreos teñen que volver ao que eran que eran mar.

Me gustaría terminar dicindo que, desgraciadamente, nin as mocións nin as manifestacións van a sacar de aí a ENCE-ELNOSA, non dubido de que a presión social é moi importante, moi importante, pero esperemos que sexa a xustiza que confirme sentenzas existentes e obrigue a iniciar un procedemento de recuperación para que, de unha vez por todas, ENCE e ELNOSA salgan de aí. Con todo isto, insisto, vaia o noso voto favorable para esta moción.

**O Sr. Alcalde-Presidente** Moitas gracias, Sr. Fernández.

Ten a palabra don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Realmente a nuestro partido nos sorprende que el BNG proponga esta moción para modificar una disposición del POL cuando las declaraciones que realizaban cuando se iniciaba esta tramitación del plan de ordenación del litoral, eran totalmente contrarias al mismo. Nosotros recordarnos, y supongo que ustedes también recordarán, las declaraciones que hacían en aquellos momentos a los medios, las convocatorias vecinales que entre ellas se hizo una en ese teatro, las posiciones de paneles en el vestíbulo de la Casa Consistorial y las visitas a las parroquias. Decían que más de mil casas estaban afectadas y decenas de empresas se encontraban sin futuro, esto si que lo decía ustedes. Ahora resulta que de ese POL tan denostado ahora no les interesa proponer ninguna modificación salvo un párrafo de la disposición adicional tercer, es decir, esto demuestra que todo aquello que ustedes decían era falso, ahora no es de interés modificar nada más que un párrafo de la disposición adicional tercera y esto corresponde a los terrenos ocupados actualmente por la empresa ENCE y lo que buscan o pretenden o proponen modificar es el siguiente párrafo “al objeto de que esta área es la recuperación del espacio que quedará vacante con la materialización del traslado de estas instalaciones a otro emplazamiento dentro de la propia comarca de Pontevedra en el horizonte del 2018” y lo proponen modificar diciendo “el objeto de esta área es la recuperación del espacio que va a quedar, en todo caso, vacante en un plazo máximo que finalizará en el mes de julio del 2018”, es decir, ustedes quitan la materialización del traslado de estas instalaciones a otro emplazamiento dentro de la propia comarca y sólo se preocupan de añadir que, en todo caso, será en el mes de julio del 2018; esto qué quiere decir, que a ustedes no les importa el quebranto que supone para Pontevedra que una empresa con este potencial económico y de empleo se ubique en otro lugar fuera de nuestra comarca, es decir, ustedes, desde el punto de vista empresarial o de empleo, que se vaya fuera de la comarca no es de su interés, cuando el POL si lo ponía, y sólo es de su interés y les mueve la temporalidad mensual de su cierre, ese es su único interés, es decir, al BNG sólo le interesa que sea el mes de julio del 2018, todo lo demás no es su problema.

Además esto tiene otras circunstancias, lo primero que detectamos y vemos es que el BNG desconoce el POL y que, además, generan un perjuicio, otro más, a los pontevedreses por no disponer del nuevo Plan General municipal, Sr. Mosquera, otro más, y se lo voy a explicar. Mire usted, en el artículo 8.1 del POL correspondiente a





su relación con el planeamiento vigente, señala: “las edificaciones y usos legalmente implantados antes de la entrada en vigor del presente plan, podrán seguir desarrollando su actividad con independencia de su conformidad con el mismo”, por lo tanto, el POL no incide sobre las actividades y edificaciones que ya están ejerciendo antes del plan y continuo, es decir, que el POL no supone el fuera de ordenación de las edificaciones existentes, tampoco su legalización, sino que el planeamiento municipal, ese plan general que usted no quiere poner en marcha, conforme a su propio modelo y lo establecido en el POL por cada una de las áreas continuas y discontinuas anteriormente descritas, será que deberá establecer unos nuevos parámetros, es decir, que usted quiere cambiar un POL que no vale para nada porque ese cambio el único que lo puede resolver es un plan general municipal, falta un plan general municipal, porque usted sabe muy bien que conseguir que se vaya ENCE en el mes de julio de 2018 no cambia en absoluto que ese suelo esté clasificado como industrial porque es lo que dice el plan de 1989, actualmente vigente, y que usted no tiene ningún interés en modificar. Por lo tanto, será únicamente el nuevo plan general de ordenación municipal el que podrá resolver este área de mejora ambiental y paisajística que determina el POL.

Comprenderá, y con esto termino, ante esta propuesta de modificar el plan de ordenación del litoral, que no resuelve nada y que sólo perjudica la economía de Pontevedra y su comarca, el grupo popular no puede votar nada más que en contra de su moción.

Muchas gracias, señor Alcalde.

**O Sr. Acalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Aguilar Argenti.  
Sr. Fernández González, ten a palabra.

**O Sr. Fernández González:** Aquí hai cousas que son sorprendentes; o sorprendente son eses cambios, viraxes ou vaivéns que se producen na postura do Partido Popular ao longo do tempo, unhas veces se apoia o traslado, outras veces se deixa de apoiar o traslado, agora parece que por boca dos que mandan de verdade no Partido Popular, parece que se está pola continuidade de eses terreos, xa non como terreo industrial, senón como terreo de asentamento de ENCE por outros 75 anos máis e eu por unha vez vou a crer a Louzán que parece que manda un pouco no seu partido, entón creo que esta, a postura de Louzán é a verdadeira postura, non sei se hai algún tipo de interese distinto a ese que sempre se saca dos postos de traballo e todo iso, pero parece que os que mandan de verdade lles indican que a liña a seguir non é a que estaba seguindo antes senón que teñen que volver a cambiar. Eu entendo que é complicado para vostedes andar cada día dicindo unha cousa distinta. Por iso me refería antes ao coñecemento da historia e da intrahistoria, porque a veces remitímonos a elementos que non exactamente os que van a decidir o futuro do terreo, no futuro.

Este non é un problema do PXOM nin deste PXOM nin de outro PXOM, este é un problema de cumprimento das cláusulas da concesión, no ano 1958 establecéronse unhas causas da concesión que seguen absolutamente vixente e que din que ao remate da concesión os terreos terán que ser repostos ao seu estado natural, a cargo da empresa concesionaria, “blanco y en botella”, era mar e ten que volver a ser mar, iso é así e non é un problema de ordenar ou non ordenar, é un problema de cumprir as cláusulas da concesión no ano 2018 e se se pode antes, esa é a

realidade, non hai outra que esa, logo podemos debater se os postos de traballo, se non sei que, a empresa que comprou ENCE, comprouna a sabendas de que tiña que irse no 2018, por iso a comprou polo prezo que a comprou, porque se tivera a seguridade naquel momento de que ía a estar 75 anos máis a empresa valería moitos máis cartos, polo tanto estamos xogando con moitos elementos distintos pero a realidade é que hai que cumprir as cláusulas da concesión, irse e deixar aquilo como se atopou, custe o que custe, non hai máis, iso é o que hai. Entón, definan vostedes cal é a súa postura, con claridade, non pasa nada, hai xente en Pontevedra que apoia o mantemento de ENCE e que verá con bos ollos que vostedes defendan esa postura, e hai xente que opinamos todo o contrario, pero defínanse o que non pode ser é que o seu anterior portavoz municipal manteña unha postura e agora vostedes a través do seu presidente provincial e Presidente da Deputación, manteñan outra contraria, e que o Presidente da Xunta diga “bueno ya veremos lo que pasa con el tiempo”, defínanse vostedes porque todos, os que os votan e os que non os votan, merecen saber onde estamos cada un e esixir as responsabilidades, políticas no seu momento, que se lle teñan que esixir a quen di unha cousa nun momento e di outra cousa noutro momento. Polo tanto, basicamente cando se fala hai que falar tendo claro que esa é a postura que se vai a seguir.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Fernández.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Creo que “blanco y en botella”, esta clarísimo que todos os movementos que se poidan facer, todos, na clave que sexa para que ENCE se vaia de aí, obviamente o PP non os vai a apoiar, ou sexa non sei se é un cambio estratéxico que ten que ver coa entrada de Isabel Tocino no consello de administración ou outras cousas, pero o que é obvio é que parece sumamente claro.

Mire, efectivamente ponse xullo por un motivo técnico, porque creo que foi cando se publicou a Lei de costas, o prazo remata o 30 e entón é para que haxa unha data concreta; e, segundo, claro que se quite da comarca de Pontevedra, por que?, porque un condicionante que nin o é, no horizonte de..., prevista para..., e cando se traslade..., é como non ter nada, entón poñémolo limpiño, en todo caso o 2018, punto, iso é o que se quere e o que se quere que se vote.

Sr. Aguilar, eu francamente como reitero tantas veces, eu sei que vostede o sabe pero non se pode mentir tan abertamente e darlle a volta as cousas e demais. Mire, na Lei de ordenación de territorio de Galicia, en todas as leis de ordenación de territorio de todas as comunidades autónomas, as DOT mandan sobre o POL, se o POL di algo que é contra as DOT, nulo, mandan, hai que recoller todo o das DOT no POL, o POL manda sobre os proxectos sectoriais, polo tanto calquera proxecto sectorial ten que recoller o que diga o POL e o PXOM ten que recoller todo, as DOT o POL es os proxectos sectoriais e o artigo que acaba de ler, a interpretación non pode ser exactamente máis retorcida. Efectivamente o POL a Xunta non quere poñer fóra de ordenación nin obrigar a unha serie de actividades, de vivenda, industrial ou o que sexa porque daría lugar a indemnización, entón o que quere e que se faga o novo plan para que sexa o Concello o que se faga cargo de iso, clarísimamente é unha cousa xurídica para evitar responsabilidades ou indemnizacións da Xunta que, curiosamente, cando se fai o plan todos aqueles



planos que en principio desapareceran, seguen estando, vexa os informes, se ten tempo, vexa os informes que se están emitindo aos distintos PXOM e verá como POL di cando parecía que non dicía e sígueo dicindo, curiosamente con respecto a ENCE parece que a cousa é diferente.

Si señor, Claro que co POL hai mil vivendas afectadas en Pontevedra, só temos que mirar os informes que aínda non recollen o do POL, os informes que mandou a Xunta e agora se informa co do POL e xa verá se hai mil vivendas afectadas ou non e máis tamén, senón o tempo, a pero verá que o Concello se quixera aprobar o PXOM recollelas e afectalas e se hai algunha indemnización é cousa do PXOM, é cousa do Concello, e tamén hai unha boa cantidade de naves, senón o tempo, só se quitou o da zona urbana que se asinou expresamente, o resto está todo afectado, está todo, por senón o sabía. E hai que recoller a ENCE no novo PXOM porque a Xunta está empeñada en que haxa un proxecto sectorial aprobado, o resto é andar moéndo, se hai un proxecto sectorial hai que recollelo tal cal no planeamento, ninguén vai a informar ben o plan se recolle cousas que non están, salvo que a Xunta modifique, modifique o proxecto sectorial claro, que o anule, como tivo que recoller o proxecto sectorial de Monte Celo, mentres non se anulou, e ten que recoller o de Monte Carrasco, eses son feitos claros, simples e que calquera que estea na ordenación do territorio e o urbanismo ese é o abc e o primeiro que hai que saber, sen máis, e vostede sábeo pero aquí ven a dar a volta que se o plan recolle.

Mire, o plan nestes momentos só pode facer iso, ese é un dos motivos polos que o plan de pontevedra non é viable para nada, non é viable salvo que o que estea ocultando é que quere o plan para que o Concello tamén ate e poña a ENCE como industrial, ordenado e non sei que e non pendente de PERI, como unidade inexecutable, que ao fin e ao cabo e como senón estivera nada nestes momentos, igual é o que quere porque senón non hai outra maneira de interpretar o asunto. O POL vai a afectar e duramente, duramente, mire os informes convidoo por exemplo, informe, que agora está en exposición pública, supoño que para ir ao caixón despois, plan de Catoira, por exemplo, mire o PXOM de Catoira y mire o do POL o que lle di, o POL aquí dicía, o POL aquí dicía e, polo tanto, recollo, ou outros por aí, digo ese como lle podo dicir outros por aí porque me paso a molestia de ler todos os informes a ver por onde van os tiros nos PXOM, claro que afecta moito porque é un instrumento, digamos, se o PXOM é de cuarto ou de quinto, é de segundo rango, o proxecto sectorial integrado hai que incorporalo obrigatoriamente aos PXOM.

Entón, deixe de dar voltiñas, o asunto e o que se trata de votar aquí e si a Xunta exerce as competencias e, independentemente, da modificación da Lei de costas, a vai a exercer e vai a poñerlle unha data tope. Ten competencia para iso, ten capacidade, pode facelo e o asunto é se quere ou non, dende logo, nós, o voto negativo entendémolo clarisimamente como unha declaración de principios de que ENCE siga aí máis alá do 2018, non se pode interpretar de outra maneira, de ningunha outra maneira se pode interpretar porque ao fin e ao cabo a modificación é mínima e o único que trata é, exerza as competencias, pónalle unha data límite e a partir de aí iso pasa a mellora ambiental. Xa non se quixo cambiar máis porque podía pasar incluso a un espazo intermareal, podía ser máis forte e poñer condicións, para non cambiar moito a redacción, só unha liña, sen liala máis, eliminar condicionantes, como dixen antes.

Neste pleno escenificamos que o grupo municipal do Partido Popular de Pontevedra, esta claramente en contra do que dicía, que nós nunca o cremos demasiado pero

publicamente o dicía, en contra do que dicía hai uns meses, está por consolidar ENCE aí para sempre, non se pode interpretar de outra maneira porque é o seu sentido do voto se é que o manteñen.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Aguilar, ten a palabra.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Gracias, Sr. Alcalde, procuraré ser muy breve.

Sólo quiero recordar que aquí veníamos a tratar una moción que presentaba el BNG sobre una modificación adicional del POL, a partir de aquí acabó tanto el grupo socialista como ustedes mismos “blanco y en botella” pero explicaron muchas cosas, nuestro partido ni hablar de esto, no de su libro como decía aquel literato. Por lo tanto, nos centramos en ello y nos hemos posicionado sobre ello y exclusivamente.

Sr. Mosquera, usted dice que yo miento, yo lo he leído y lo he procurado leer para evitar suspicacias que suelen salir de usted, por lo tanto si alguien al leer algo miente e que miente el POL, supongo yo, o es que usted quiere decir que yo miento cuando usted sabe que yo estoy leyendo. Por lo tanto, como comprenderá, si también saca usted conclusiones de lo que nosotros decimos, usted puede ser hasta adivino porque no cabe duda que sacar conclusiones que si nosotros no apoyamos a la modificación, a esta moción que ustedes presentan, es que nosotros queremos que se quede ENCE en donde se encuentra per secula seculorum, lo deduce usted, no cabe duda que la adivinanza no creo que esté entre sus atribuciones y menos entre sus méritos, por lo tanto nos da la sensación de que usted está poniendo palabras que nadie ha puesto, las está diciendo usted solo, nosotros no vamos por ahí, sólo le estamos diciendo que aquí lo que interesa no es cambiar el POL, lo que interesa es tener un plan general que es el que resuelve el problema, porque resulta y le recuerdo que ese plan general que está hoy vigente, esos terrenos son industriales y el POL dice que no modifica el planeamiento vigente y que será el planeamiento municipal futuro el que lo podrá resolver; es más, le estamos dando salida a sus errores pero usted no lo quiere entender así, por lo tanto para amparar y disimular sus defectos y errores, lo que intenta es decir que el Partido Popular miente, que el Partido Popular quiere que se mantenga ENCE y quiere disimular su gran problema que es que lo lleva usted muy mal, el problema que tiene usted, está diciendo que el plan general va dejar fuera de ordenación o ilegales mil viviendas, pues aproveche ahora, porque no lo ha metido usted en una propuesta para modificar el POL en ese sentido, es que no es así.

Por lo tanto, le ruego que cuando utilice la palabra mentira la base en algo que sea realmente cierto porque ya no es la primera vez que usted lo indica y realmente de este bando no ha salido.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

Sr. Mosquera ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Expliqueime mal, eu o que dixen e que estaba mentindo,



ou como queira dicilo, cando habendo un proxecto sectorial que hai que recoller no plan di que o plan pode cambialo, ou sexa, directamente iso vostede o ten que saber. E despois dixeran que o que leu aí ten unha interpretación máis retorcida, non dixeran que mentira no que leu senón no outro que é obvio e todo o mundo sabe que o proxecto sectorial manda sobre iso.

Para concluír, e que vostedes están empeñados en sacar o plan e nós estamos traballando para sacalo, se a Xunta modifica iso, un dos grandes atrancos, o proxecto sectorial queda eliminado e un dos grandes atrancos do plan quedaría salvado. E que desde logo este grupo municipal, o grupo do BNG, recórdolle unha anécdota, o Alcalde foi varias veces ao cuartelillo da Garda Civil noutros tempos e unha delas, a primeira, foi por pegar carteis pola saída de ENCE-ELNOSA, debeu ser alá polo 77 ou unha cousa así e non vai cambiar, nin vamos cambiar e non vamos a aprobar un PXOM que poña a ENCE como industrial nas condicións do proxecto sectorial que é o que a Xunta nos obriga, non vamos a facelo. Teñen oportunidade de votar a favor de isto, a Xunta cambia isto e entón si, a proposta, que vostedes estiveron de acordo, en poñer ENCE como zona verde compatible con costas para recuperar no borrador do plan si se pode poñer, obviamente así tal e como está non e nós non vamos a sacar un plan que poña a ENCE como industrial, é que simplemente non o vamos a facer. Colaboren en sacar o plan, colaboren á parte de esa campaña que, con maior ou menor éxito, están facendo, traendo aquí a facer o ridículo, ao Román de Lalín que o meteron nun caixón para dar exemplo e demais.

Tomen medidas concretas, voten a favor de isto e se a Xunta lle fai caso e se aproba, un grandísimo atranco do plan desaparece, moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Creo que esta o tema debatido e claro.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE ) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar a moción anteriormente transcrita.

## **6.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INTERESANDO A REACTIVACIÓN DO PROCESO DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PXOM.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“O Concello de Pontevedra vén desenvolvendo a súa política urbanística ao amparo dun PXOM que data de 1989, ideado no seu momento para unha poboación de 82.000 habitantes, é dicir, unha cifra xa superada na actualidade e que implica déficit

de solo para equipamentos, zonas verdes, comunicacións viarias, industrias etc. En 2004 comezouse a redactar un novo Plan Xeral, pero a parálise do traballo fíxose sorprendentemente oficial hai algo máis dun ano, cando César Mosquera anunciou que renunciaba a continuar coa tramitación e condenaba á cidade a seguir co guión redactado case un cuarto de século atrás.

O Grupo Municipal do Partido Popular, xa deixou constancia no pleno anterior do seu cheque en branco ao goberno comprometéndose a aprobar o documento de PXOM que lle presente o goberno local.

O Portavoz do G.M. do PSOE ten manifestado publicamente que o PXOM é unha asignatura pendente e que é preciso a súa aprobación.

Cómpre polo tanto que a corporación probe a reactivación inmediata do proceso de elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que substitúa ao actual planeamento obsoleto.

Por todos os motivos expostos, o Grupo Municipal popular proponlle ao Peno da Corporación Municipal a adopción do seguintes ACORDO:

"Reactivar o proceso de elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, requirindo ao Goberno Local para que o traia ao Pleno para aprobación inicial no prazo máximo dun ano."

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**O Sr. Moreira Ferro:** Moitas gracias, señor Presidente.

Como diría un coñecido concelleiro do grupo de goberno: "compre facer un pouco de historia neste asunto". O actual Alcalde do Concello de Pontevedra concorreu ás eleccións do ano 1999 cun compromiso electoral que era, entre outros, o de aprobar o antes posible un novo Plan Xeral, posto que o vixente fora votado no seu momento en contra por el mesmo, cualificándoo, entre outras cousas de especulativo.

Cumprindo o seu compromiso, no ano 2004 se contratou a redacción do Plan Xeral a unha empresa e no ano 2013 estamos con que levamos gastados 1.300.000 euros na redacción deste Plan Xeral e resulta que non temos dado nin o primeiro chazo, que é a aprobación inicial deste Plan.

Se miramos ao redor todas as grandes cidades, hoxe en día, teñen xa un Plan Xeral adaptado á normativa urbanística vixente menos Pontevedra e Ourense, se ben é certo que Ourense, coas súas propias problemáticas internas que ten o goberno, está traballando para levar, o antes posible, un documento para aprobación inicial. Polo tanto, a realidade é que Pontevedra se queda na cola deste compromiso, no cumprimento do compromiso. Aquí, en Pontevedra, con Concello de Pontevedra, houbo unha decisión irresponsable, dun político máis irresponsable todavía, de deixar no caixón o Plan Xeral. Compre tamén facer, algún día, unha análise da responsabilidade política deste concelleiro tan irresponsable, pero nesta tesitura nós, dende o grupo municipal do Partido Popular, temos manifestado o noso compromiso de aprobar un documento de Plan Xeral, calquera que sexa, que redacte o goberno, posto que defendemos que é mellor ter un mal Plan Xeral ou un Plan Xeral, incluso, que non atenda ás reivindicacións que ven mantendo o grupo municipal do Partido Popular, é mellor iso que non ter un Plan Xeral adaptado á normativa actual.

Xa fixemos esta oferta e asumimos este compromiso perante os medios de



comunicación, o asumimos aquí no pasado Pleno deste Concello de Pontevedra e hoxe é polo que traemos aquí unha moción para que se retome a tramitación do Plan Xeral, é unha proposta pura e simple, sen condicionantes de ningún tipo. O que pedimos é que se retome o antes posible a tramitación do Plan Xeral e que, no prazo máximo dun ano, se traia aquí a este Pleno un documento para que podamos aprobar inicialmente este Plan Xeral.

Por parte do grupo municipal do Partido Socialista se nos ten presentado ao inicio deste pleno se nos ten presentado unha proposta dunha emenda de adición, supoño que fará exposición dela o portavoz do grupo socialista, pero, dende logo, xa teñen de ante man a nosa aceptación a este moción, creo que é enriquecedora con respecto á nosa e creo que é importante saír hoxe de aquí cun compromiso para requirir ao goberno para que retome un Plan Xeral. Vaia de antemán a nosa aceptación desta emenda e, polo tanto, agardo o voto favorable dos dous grupos de goberno a esta moción.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Moreira.

Ten a palabra don Antón Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Louro Goyanes:** Gracias, señor Alcalde.

A moción que presenta o Partido Popular propón reactivar o proceso de elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal requirindo ao goberno local para que o traia ao pleno para aprobación inicial no prazo máximo dun ano. Está é a moción.

Na exposición de motivos afirma, di: “o portavoz do grupo municipal socialista ten manifestado publicamente que o PXOM é unha asignatura pendente e que é precisa a súa aprobación”, segue dicindo: “compre, por tanto, que a Corporación aprobe a reactivación inmediata do proceso de elaboración dun PXOM que substitúa o actual planeamento”. O texto no parece atacable por ningún lado, máis ben plenamente concordante co posicionamento político expresado historicamente polo PSdeG-PSOE neste Pleno da Corporación e recollido nos sucesivos pactos asinados para gobernar este concello. Para entender a postura do grupo municipal socialista non hai máis que revisar as hemerotecas, ver o que, tanto o actual grupo municipal socialista como os que estaban antes que nós, acordaron no pacto de goberno. O actual pacto de goberno, suscrito en xuño de 2011, fixa, como un dos obxectivos prioritarios a elaboración dese PXOU, impulsar un novo PXOU como un elemento necesario para o desenvolvemento harmónico do concello coa necesaria colaboración da Xunta de Galicia. Se vamos ao pacto de goberno do mandato anterior, suscrito en xullo de 2007 o texto é igual, impulso, xunto coas forzas políticas e sociais do concello á redacción dun novo PXOU. Ben, os socialistas estamos de acordo co que asinamos no ano 2007 e estamos de acordo co que asinamos no ano 2012, seguimos pensando que o PXOU é necesario, é urxente e imprescindible, e non estamos de acordo con que se meta nun caixón.

Estamos, señores concelleiros e concelleiras, o grupo socialista, diante da súa coherencia, e nós vamos a ser coherentes porque da nosa coherencia derivará a nosa credibilidade. Coherencia do PSdeG-PSOE, en xaneiro do ano 2007 o grupo municipal socialista apoiou una moción do Partido Popular para instar á elaboración

do avance do PXOU, tamén daquela había reticencias por algún dos grupos que está no Pleno da corporación, que discrepaba sobre a conveniencia daquel documento de avance, a pesar de que este documento debía ser presentado polo equipo redactor da empresa Consultora Galega nun prazo de catro meses dende a contratación do plan. O Pleno, finalmente, logo de conversar, de falar, este é o papel do Pleno da Corporación, alcanzou un acordo para a elaboración do avance; penso que todos, a día de hoxe, consideramos que foi unha boa decisión, que foi unha boa cousa que se redactara o avance e se expuxera ao público, mesmamente, que daquela algúns compañeiros non estaban de acordo, acabaron aceptando e acabaron defendéndoo. Hoxe, cando estamos novamente encaixados e sen certa perspectiva de futuro en relación con este asunto, parece chegado o momento dun novo impulso para sacar adiante o documento final do PXOU de Pontevedra. E digo isto porque estamos no ecuador deste mandato de goberno, polo tanto temos avanzado dous anos e faltan dous anos, creo que se ten feito moito traballo e moita xestión e creo que nos queda moito por facer todavía, polo tanto, o grupo socialista vai estar nesa dirección.

Por último, debo dicir que o programa electoral que nós presentamos, sendo eu candidato, hai dous anos, nas eleccións municipais fixaba como unha prioridade a aprobación do PXOM. Pois isto é a mesma música sempre e é o noso compromiso, sempre, respectando todas as lealdades e respectando todos os compromisos. O PXOU é necesario, Pontevedra necesita planificar o seu futuro, necesitamos ordenar o crecemento da cidade nas zonas máis periféricas do centro urbano, para seguir a crecer dun xeito ordenado, nun modelo de cidade compartida que é modelo da cidade compacta. Necesitamos pensar os equipamentos e os servizos públicos que precisamos, e reservar solo axeitado para elo, nas mellores condicións e coa mellor situación posible, pensar nos equipamentos máis obvios e noutros menos obvios, como ten posto de manifesto a recente polémica social en relación cos crematorios. Mesmamente aquel avance non contemplaba nada nesta materia e o goberno municipal tivo que asumir e tomar decisións para resolver este asunto. Lamentamos que o Partido Popular non estivera a altura das circunstancias.

Necesitamos planificar axeitadamente os sistemas xerais de comunicación, acertar no deseño da malla que permita canalizar o tráfico das parroquias entre si e das parroquias ao centro. Encaixar a futura circunvalación se, algún día, o actual goberno do Partido Popular decide poñerse mans á obra. Necesitamos, sobre todo, planificar o solo industrial, tanto comercial como destinado a industrias transformadoras para que esta cidade non quede parada e os que veñan despois de nós dispoñan de ferramentas axeitadas para impulsar o desenvolvemento económico da nosa cidade; entre eles, especialmente, o solo destinado a unha plataforma loxística porto seco, que resolva os acuciantes problemas do porto de Marín, algo que comentabamos e debatíamos nun punto anterior. Digo isto por moito que os responsables da Xunta ou da Autoridade Portuaria se empeñen en non velo ou, cando menos, en non tratalo, ou, cando menos, en non tomar decisións. Necesitamos un Plan Xeral con vocación de ordenar o noso rural consolidando a edificabilidade ao redor dos núcleos rurais, o que nos permitirá unha maior racionalidade e eficacia na prestación dos servizos públicos. Polo tanto, hai un cadro de necesidades claro e un diagnóstico que precisamos facer. Debemos ter a intelixencia colectiva e a xenerosidade política necesaria para sacar adiante o PXOM. Eu estou plenamente orgulloso de poder dicir aquí, diante do Pleno da Corporación, que o PSdeG-PSOE nunca ten sido un obstáculo neste asunto, e non o vai ser, tanto nós como os que nos precederon sempre estivemos a sumar e agora tamén, certo é que levamos des anos traballando





no PXOU, o Concello de Pontevedra réxese polo Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1989, non está adaptado a actual Lei de Ordenación Urbana de Galicia nin a sucesivos cambios legislativos. Por outra banda a realidade impoñe e obriga, témonos obrigado a tramitar constantes modificacións do plan, hai tempo, xa pasamos de vinte, polo tanto creo que hai moitos argumentos para traballar nesa dirección. O concello iniciou o expediente de contratación para a redacción do novo PXOU o 6 de outubro do ano 2003 e o 15 de marzo de 2004 asinouse o contrato coa adjudicataria, a empresa Consultora Galega, polo tanto, dentro de ben pouco cumpriremos 10 anos de elaboración do Plan Xeral e á luz dalgunhas declaracións pode que continuemos nesta situación algún tempo. Pontevedra non pode permitirse outro mandato improdutivo neste sentido.

Os socialistas queremos construír, seguir sumando, como temos feito ao longo destes dez anos de frustrado PXOU. Nós consideramos que temos lexitimidade para vir a este Pleno e dicir o que dicimos, que está en perfecta sintonía co que dixemos antes. Case seguro que a Xunta de Galicia non ten xogado a favor do PXOM de Pontevedra, non ten xogado a favor, pero sendo honestos hai que dicir e asumir que o goberno galego estivo tinguído, nos últimos dez anos, por diversas cores ao longo desta fracasada década neste sentido, houbo gobernos de distintas cores na Xunta de Galicia, polo tanto, temos que asumir todos un cacho de responsabilidade porque o realmente importante, a efectos deste debate plenario é que se ten creado unha inercia negativa que temos que romper con ela e para elo necesitamos o concurso e a forza de todos para conseguilo.

O grupo municipal do Partido Popular, nas últimas semanas e nos últimos meses, ten volto sobre este debate, eu como portavoz do grupo socialista sempre respondín a ese ofrecemento que si era sincero e si era serio que tería eco en nós; o PP ten ofrecido nestes últimos meses un cheque en branco para aprobar o PXOU, agardo, señores concelleiros do Partido Popular, que ese cheque en branco teña fondos, que non xoguen de farol, que non xoguen defendendo outros intereses que non sexan os de Pontevedra porque do contrario terán a oportunidade de demostralo e nós estaremos aquí para certificalo.

Para terminar, debo dicirlles que valoramos positivamente a moción que vostedes presentaron, como xa fixemos no 2007 e eu relataba hai uns minutos, cando se trataba de sacar adiante o avance do PXOU, e coa tranquilidade que nos da o cumprimento dos nosos compromisos electorais do pacto de goberno e o elemental principio de coherencia, dicimos que vamos a apoiar esa moción. Certo é que entendemos que esa moción é mellorable, que entendemos que a esa moción hai que darlle máis forza e que a esa moción hai que darlle máis compromiso, por iso nós facemos unha emenda de adición para que se recolla un segundo e un terceiro punto. Un segundo punto que di: “dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para requirir á máxima axilidade, lealdade e compromiso para sacar adiante o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontevedra, sen invadir as lexítimas competencias do Concello para ordenar axeitadamente o seu territorio, de acordo co interese xeral de Pontevedra” e un punto tres que di: “crear unha subcomisión técnico-política, onde estean representados os distintos grupos e técnicos municipais, para buscar un amplo consenso en torno aos obxectivos prioritarios do Plan en relación coas dotacións, equipamentos, sistemas xerais e ordenación do crecemento urbano e dos núcleos rurais, así como a ordenación dos terreos afectados por proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal”. Tres puntos que nos comprometen a todos e eu creo que é necesario o concurso de todos, non

podemos aspirar a sacar un plan de ordenación municipal en Pontevedra en contra do Partido Popular, nin en contra do Bloque Nacionalista, nin en contra do Partido Socialista. Creo que estamos planteando o campo, o escenario, as regras de xogo, e esas son as que hai que acordar, son as que hai que pactar; porque, ademais, un PXOM escápase, como ben sabemos e ben acabamos de dicir, escápase dun período de goberno, sacar adiante un plan de ordenación municipal pode que o empece un grupo e o termine outro ou o volva a terminar o grupo que o empezou. Polo tanto, eu creo que o voto positivo de todos é algo que sería moi positivo de cara ao traballo que nos planteamos levar adiante. Trátase dun asunto de todos, trátase do interese xeral do Concello de Pontevedra.

Nada máis e moitas gracias, señor Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Louro.

Ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Gracias, señor Alcalde.

De verdade que había tempo, pola miña parte, que non topaba cun tema tan embarullado e tan interesante, recórdame aquelas discusións dos anos 2001, 2002, moi acaloradas, sobre a dirección única, o dobre carril, o triple carril, catro carrís ou non sei que, solucións que dependían directamente dunha realidade obxectiva e que se querían retorcer, que si esquinas cadradas e unhas cousas que, afortunadamente pasaron a historia, pero eran uns debates nos que coincidían o PSOE e o PP, case sempre ou sempre, e que levaban á nada, directamente, á nada.

Aquí estamos na mesma situación, nós podemos subscribir todas as palabras que dixeron uns e outro, “vamos a colaborar”, si, vamos a colaborar pero léase os informes que mandou a Xunta, léanos, se nas condicións deses informes están dispostos a sacar un plan entón falamos, pero me parece que aquí ninguén, ningún dos grupos que hai aquí puxo paus nas rodas ao plan, ningún en ningún momento, foi o plan á Xunta acordado por todos e a Xunta díxonos que hai que ordenar os núcleos, non, hai que chapodalos, léanse o informe, por favor, léanse o informe con calma. Que se pode negociar ENCE ou non sei que, non, todos os proxectos sectoriais hai que incorporalos. Quen aproba o plan é a Xunta, que se saiba, non sei se cambiaron a lei, máis ou menos estou enterado e non se cambiou a lei, entón, se o que se quere é montar un barullo con isto, o PP colleu esa liña, incluso, repito, traendo a Román Rodríguez que, por certo, naquel momento foi un erro, no 2007, Román aí demostrou ser moi agudo e meteu o plan de Lalín no caixón, e demostrou ser moi agudo porque co plan que tiña pode traballar mellor que co que facía novo.

Esta é situación na que estamos, hai un plan, mandouse á Xunta e hai que refacelo todo, hai que empezar no sei si de cero pero hai que empezar de bastante abaixo e iso é o que hai. Hai un informe da Xunta que recorta edificabilidade, obriga a poñer ENCE, obriga a poñer o hospital de Montecarrasco e obriga a poñer todas as determinacións da lei que, algunhas delas, rascan moito co modelo de cidade que estamos a implementar. A partir de aí podemos inventar e fabular todo o que nos pareza ben, todo absolutamente. Os plans deben ter permanencia, aquí creo que hai trinta modificacións pero o de Vigo, que ten tres anos, ten unha boa tacada delas. Aquí o tabú é “ten que ser un plan adaptado á lei”, bueno, está adaptado á lei, a que



había en vigor naquel momento, como calquera de vos se fixo unha casa a fixo segundo as normas daquel momento, hai que andala cambiando continuamente?

Con respecto as acusacións de irresponsable, mire, eu son profundamente irresponsable pero non se lle escapa a ninguén que cando teño que tomar decisións as tomo, baixo a miña responsabilidade, despois de estudalas mil veces, e supoño que algo tiven que ver co modelo de cidade que todo o mundo recoñece agora, e que no fondo están en contra pero teñen que facer que están de acordo, algo tiven que ver, e custou. Non van a amilantar agora aquí a ninguén cun barullo sobre se é un plan adaptado á lei ou non, era o que me faltaba a estas alturas!, non me amilanei hai doce anos cando querían poñer esquinas redondas e círculos cadrados e sete direccións onde non collía nin un coche, nin me vou amilantar agora porque os feitos son claros e obxectivos: hai uns informes da Xunta, que vaia quen queira á Xunta, ten a delegación, doulle a delegación, dálla o Alcalde cando queira, alí a dicir: “ isto que escribiu non vale xa, borre, borre, borre e despois falamos”. Quen aproba o plan é a Xunta, esta Corporación non vai ter ningunha capacidade para decidir o contrario do que diga a Xunta e o que di a Xunta, por agora, é o que di, eu creo que estes feitos non se lle escapan a ninguén.

Para falar clariño, todo o mundo sabe que o plan de Pontevedra é inviable, é radicalmente inviable, mentres non cambien certas determinacións da Xunta, é radicalmente inviable, se a alguén se lle escapa entón xa estamos a falar doutras cousas. Entón, de que se trata aquí?, de ordenar o rural?, pero o rural témolo ordenado, temos uns núcleos ordenados xenerosamente e a Xunta mándanos recortar; de ordenar o crecemento da cidade?, pero si está ordenado, está ordenado, ben ou mal, iso é outra cousa, pero está ordenado. Nós votamos en contra deste plan por unha serie de problemas, basicamente por beiramar, por ENCE e demais, e resulta que facemos outro que non resolve ningún deses problemas, porque o de beiramar está consolidado e ENCE obríganos a poñer, entón temos que facer outro plan, mire, así non é, está claro. Entón, de que se trata aquí?, trátase de marcar territorio, ben, é obvio que o PP quere que nós nos adaptemos e traguemos con todo o que manda a Xunta, despois vai vir unha moción con respecto a Montecarrasco, etc., ou sexa que non estamos dispostos a recoller no plan Montecarrasco como tal e vostedes queren que o legalicemos, bueno, está claro, está claro, moi ben. O PSOE quere marcar territorio, lexítimo, claro que temos diferencias!, aquí houbo unha moción non hai tanto tempo na que nós nos opoñiamos frontalmente á modificación da Constitución, e votaron o PP e o PSOE xuntos, agora, con respecto ao modelo, con respecto ao que se está impulsando en Pontevedra, que hai diferenzas?, claro que as hai, claro que as hai; que o PSOE quere marcar territorio, bueno, pois lexítimo, cara a ningún lado, consecuencia ningunha, todos sabemos que o plan de Pontevedra nas condicións nas que hoxe está é radicalmente inviable, como si aquí sae un grupo con 25 concelleiros, nas próximas, non sae adiante o plan, porque nin vai recortar os núcleos, nin vai recortar o que está como urbano, nin vai a poñer ENCE como industrial, aínda que a vostedes lles gustaría, nin outras cousas, non vai. Empezamos a sumar, o porto seco, pero que porto seco?, se o polígono de Godos foi por un proxecto sectorial, caramba!, o porto seco faise cun proxecto sectorial como se fixo en todos os lados, en todos!, esta é unha moción política, estritamente política na que cada un quere marcar o seu territorio, por iso me retrotraio, porque daquela houbo moitas votacións deste tipo, cargarse os consellos territoriais, o PSOE e o PP xuntos, con respecto as esquinas redondas e redondos cadrados, aquelas cousas rarísimas que se discutían aquí que, ao final, o que

pretendían era que non se levara adiante o modelo e, agora, o temos co PXOM, home de verdade, non creo que o ambiente estea para que pase o que pasou daquela, aquel famoso pre pacto do Cafetín, pero todo pode suceder, o tempo o dirá. Hai unha ansia de marcar territorio, está clara, poia marcado está, agora nós, dende logo, non imos asumir un compromiso que é incumprible, é radicalmente incumprible, iso é unha gamberrada e iso si que é unha irresponsabilidade, iso si é unha irresponsabilidade, é chegar, nin máis nin menos que a aprobación inicial, ou sexa, suspensión de licenzas por dous a nos e un guirigai, en Pontevedra temos, mérito de toda unha traxectoria que non me atribúo a min nin moito menos, temos o urbanismo máis regrado e máis pacificado de toda Galicia e montamos un guirigai, poñemos todo patas para arriba en aras de non se sabe que, ao totem “adaptado á lei”, a que lei?, home, se a están cambiando todos os días, a que lei?, se en vintecinco anos unha lei que debe ser estable xa a cambiaron sete, dez ou quince veces, a que lei?, e unha vez que o tiñamos seguro que ven outra e xa temos que adaptalo outro vez, que xa o anunciou Agustín Hernández, cantas veces o anunciou, que ía cambiar a lei outra vez e ía facer unha lei nova, e Encarnación Rivas, cantas veces o anunciou, entón despois adaptámolo outra vez, pero que problemas urbanísticos hai en Pontevedra?, temos un modelo de cidade que funciona, cando temos algún atranco, que si a circunvalación, a ronda, a ronda está en trámites, non estaba no plan o paso de Monteporreiro e está feito, non estaba no plan o desdoblamento de O Pino-Bora e está feito, ou a medio facer, entón, que obxectivo ten?, marcar territorio, bueno pois territorio marcado, nós vamos a votar en contra por responsabilidade, absolutamente en contra e radicalmente en contra, por que? porque é unha irresponsabilidade meter o urbanismo de Pontevedra, nas condicións que pon a Xunta, cara a aprobación inicial do PXOM, como eran unha irresponsabilidade, no seu momento, certas medidas de peonalización non peonalización e demais. Hai de sobra onde traballar, se queren terreos industriais fágase unha modificación do PXOM, fágase, nós collemos ao seu portavoz no Parlamento, o que máis sabe de urbanismo según tal, é Román Rodríguez, collemos a súa liña, dámoslle a razón niso e o plan seguirá no caixón, e cando haxa outras condicións que permitan que o novo plan, con toda a complexidade que ten, sexa un avance e non un retroceso, nese momento con toda celeridade, a toda velocidade.

Nada máis, creo que quedou claro, moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Mosquera.

Señor Moreira, ten a palabra.

**O Sr. Moreira Ferro:** Gracias, señor Presidente.

Apuntou o señor Louro unha cuestión moi interesante na que eu non caíra, pero acabaría caendo, que é que o ano que ven, precisamente, se cumpren dez anos da contratación do novo plan xeral e eu creo que aproveitando a especial inclinación do Alcalde a celebrar con propaganda todo tipo de efemérides non estaría mal facer unha celebración dos primeiros dez anos dende a contratación da redacción do plan xeral sen que teñamos un plan xeral, poderían facelo cunha chocolatada ou, mellor aínda, editando un libro recopilando todos os vai e ven deste asunto dende o 2004.

Agora, falando en serio, quero felicitar expresamente ao Partido Socialista por dar este paso, por dar este paso porque con este paso está poñendo o interese de Pontevedra por enriba dos intereses de cada partido político, eu diría máis, por



enriba dos caprichos dalgún concelleiro do grupo de goberno, o que os cidadáns de Pontevedra esperan de nós é que velemos polos seus intereses e que fagamos o mellor para a Pontevedra do futuro, e non que poñamos por enriba dos intereses de Pontevedra os intereses persoais e políticos, digo persoais politicamente, non me vaia entender máis, os intereses políticos de cada partido.

No Partido Popular sabemos criticar aquelas decisións do goberno que non compartimos pero tamén sabemos recoñecer os acertos dos grupos políticos cando corresponde, por iso é o que nos demandan os veciños de Pontevedra que nos deron a súa confianza. Eu, señor Louro, quérolle dicir, sinceramente, con toda seriedade, que hoxe falou vostede aquí como un Alcalde, e a min me gustaría que o noso Alcalde falara coas palabras que vostede pronunciou hoxe aquí porque, de verdade, iso é o que esperan de nós os cidadáns, e iso é o que esperamos nós do grupo socialista, podemos discrepar en moitas cousas pero creo que esta é unha cuestión crucial, estrutural para Pontevedra, que non podemos soslaiar, eu creo que todos coincidimos nos nosos programas electorais, incluso o BNG coincidía no seu momento, cando lle convida, na necesidade de facer un plan xeral, pero, fíxese vostede, coincidía no ano 1999 e non coincide agora, cando sería máis necesario facer o novo plan xeral.

Nós apreciamos a mesma necesidade que vostede relatou, o noso cheque en branco ou o noso ofrecemento é un compromiso sincero, transparente e puro, sen ningún tipo de condicionamento, non dubide vostede da seriedade e do rigor co que fixemos ese compromiso que o meditamos bastante.

Hoxe espero que saiamos e sairemos, por tanto, de aquí cun mandato ao goberno, que vincula ao goberno e que, polo tanto, vinculará a retomar a redacción de plan xeral e a facer as accións que se inclúen nas emendas presentadas polo Partido Socialista que nos, como xa lle anticipei anteriormente, aceptamos sen ningún tipo de dúbida.

O señor Mosquera está intentando buscar escusas e pataletas para non facer algo que resulta incompreensible, insisto, é irresponsable non facer un plan xeral e negarse dunha forma totalmente absurda a aprobar un novo plan xeral. Xa sei que vostede, señor Mosquera, aspira a ser como Lalín pero, dírelle unha cousa, Lalín ten cines e vinhos ter durante moito tempo.

Eu non vou entrar no debate sobre quen é o autor intelectual do modelo de cidade, non sei se é vostede ou o señor Bará, a min tanto me ten, o modelo cidade é o modelo que hai e os cidadáns o aplauden. A min o que me preocupa, señor Mosquera, é que vostede se quedou no ano 1989, pero Pontevedra non se quedou no ano 1989, Pontevedra está vivindo no ano 2013 e, polo tanto, ten que estar preparada para que cando remonte, cando se levante a crise, esteamos en posición, se non é mellor, polo menos en igual posición que o resto de cidades de Galicia, cun novo plan xeral para estruturar o futuro de Pontevedra. O primeiro punto que hai que tomar cando existe un problema, señor Mosquera, é recoñecer que se ten un problema, e vostede non recoñece ese problema, ese é un problema gordo que ten vostede consigo mesmo. Hai un dito que di que o home que di: “non pode facerse” será sorprendido por aquel que si o faga, pois eu agardo que vostede sexa sorprendido polo grupo do Partido Socialista e que lle demostre que si se pode facer un plan xeral.

Nós queremos deixar constancia, vostede trata de entrar agora en cuestións de fondo para tratar de eludir o debate, fala de que a aprobación inicial dun documento

de plan xeral suspende de facto as licenzas, pero si vostedes de facto xa teñen suspendidas as licenzas, pero si tardan máis dun ano en dar as licenzas, estamos na mesma situación.

Polo tanto, nós o que queremos dicir alto e claro é que Pontevedra está por enriba de todo e hoxe creo que saímos de aquí cun compromiso moi importante. Quero felicitar expresamente ao grupo socialista polas súas aportacións e polo seu voto a favor.

Nada máis e moitas gracias

**Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Moreira.

Señor Louro, ten a palabra.

**O Señor Louro Goyanes:** Gracias, señor Alcalde.

Vou facer uso da palabra dun xeito breve. Agradézolle ao portavoz do Partido Popular o recoñecemento da actitude do Partido Socialista, quero dicirlle unha cousa, señor Moreira, é o que vimos facendo dende sempre, traballando con coherencia, facendo propostas, recollendo propostas e iniciativas doutros que as fan e facer as nosas, cando entendemos que iso é bo para Pontevedra ou é bo para o país. O que estamos facendo é froito da nosa coherencia, queremos ser fieis, sobre todo, a nós mesmo, fieis a nós mesmos para ser fieis cos cidadáns e cidadás de Pontevedra.

Modelo de cidade. Nós compartimos o modelo de cidade de Pontevedra, compartímolo estando no goberno de Pontevedra e votando, ano tras ano, presuposto tras presuposto, para transformar e desenvolver a cidade; fixémoslo con satisfacción e con orgullo compartindo esa tarefa co BNG, do mesmo xeito que noutras cidades de Galicia, outras cidades que teñen modelos que deron bo resultado, como o noso. Alí, ben encabezando o goberno como Alcalde ben axudando a gobernar, fixemos o que entendíamos que había que facer, actuar con responsabilidade.

Señor Mosquera, hai algo que creo que debemos poñer en común, o informe da Xunta de Galicia ao PXOM de Pontevedra fíxose hai un tempo, e eu creo que é momento de recuperar a iniciativa, non podemos permanecer na inercia ou con que todo pode ser peor, non, é que si todo pode ser peor entón o que estamos dicindo é absolutamente desacertado, todos coincidimos en que é bo que haxa un PXOM, dixémolo en campaña electoral, todos, todos, o señor Alcalde, candidato Miguel Anxo Fernández Lores, o señor Martín e eu mesmo, coincidiamos todos niso. Pasaron dous anos, certo é que a Xunta de Galicia reaccionou fronte ao documento que mandou Pontevedra non como debía reaccionar, pero non debemos de quedarnos quietos, eu creo que é o momento de darlle para adiante, darlle para adiante todos. Eu espero que o Partido Popular estea a altura das circunstancias, señor Moreira, será o seu éxito se está a altura das circunstancias, se está a altura das circunstancias de outro mal lle irá a vostede e mal lle irá a Pontevedra.

Eu o que planteo e o que se trata de poñer en marcha é un plan de traballo, un plan de traballo do que podan derivar escenarios de acordo e escenarios de desacordo, de encontro e de desencontro; haberá que deixar de lado os desencontros e tratar de levar adiante os encontros, por exemplo, poderemos estar de acordo nunha plataforma loxística? si, pois vamos a comprometer nos todos a sacala para adiante,



con plan ou fora de plan, se é no plan pois no plan e, senón, doutra maneira, esa é unha cuestión, pode haber sete ou oito cuestións nas que esteamos de acordo? pois vamos a ver se as sacamos adiante, rompamos a inercia e creemos unha inercia nova.

Por último, señor Mosquera, sabe que teño de vostede a máis alta consideración, sei que é vostede unha persoa seria e responsable, o coñezo dende hai tempo en non teño razóns para pensar outra cousa, ao que lle invito, e invito ao grupo do BNG, é a que reflexione en relación con este asunto porque eu creo que hai máis camiños que un.

Nada máis e moitas gracias, señor Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Louro.

Señor Mosquera, ten a palabra.

**O Señor Mosquera Lorenzo:** Gracias, señor Alcalde.

Non sae ningunha razón no debate que cambie absolutamente nada. Estivemos todos de acordo na plataforma loxística, foi para alá no borrador do plan e veu con que tiña todas as plagas bíblicas, todas, protección forestal, protección de augas, protección de non sei que, de non sei canto, o que calquera pode ver, non ver, intuír, adiviñar ou inventar, todas, invito a lelo, o que pasa é que non se leron o informe, non se leron o informe. Sexamos serios, se estamos falando de algo que é en abstracto pois en abstracto discutimos o que faga falta e podemos chegar a aquelas conversacións tan profundas que non chegaban a ningún lado, pero no concreto o informe di o que di, e xa nos puxemos de acordo, xa nos puxemos de acordo na comisión e xa chegamos a mandar alá un plan e a Xunta o tombou totalmente. Polo tanto, non hai encontros e desencontros, os encontros aquí xa os houbo, o que hai é quen manda, quen ten a capacidade. Tal e como está neste momento toda a lexislación de ordenación do territorio e urbanística un concello non ten a capacidade nin de meter o 10%, sería un caso extremo, das determinacións, o resto ponas a Xunta e xa nos dixo o que tiñamos que poñer, xa nolo dixo. Polo tanto iso está aí, ou cambia a Xunta ou o resto é un camiño cara a ningunha parte. Iso creo que calquera o sabe e se non pode preguntarlle aos nosos técnicos, sábese de sobra, entón, unha vez sentado iso, que está aí, por escrito, oficial, non es disque, disque. Non é certo que en dez anos non houber, si que houbo, co anterior Secretario Xeral, co Director Xeral e co Subdirector si houbo unha conversación na que aceptaba que se levantara o de ENCE, que se puxera como zona verde, entre outras cousas, e as cifras de edificabilidade eran bastantes aceptables, dixo, como as de Vigo, que foi o que se fixo, o que foi para alá, eran as cifras, máis ou menos, de proxección das de Vigo, e afectaba ao de ENCE, o horizonte estaba tremendamente despexado nese aspecto; despois, como se sabe, pasou o que pasou e estamos outra vez en total e absoluta obscuridade; estamos falando do ano 2008, máis ou menos.

Os feitos son rabudos, están aí e, polo tanto, isto só se pode entender porque hai unhas diferencias de fondo, de posicionamento, claras, non pasa nada. O PP sabe de sobra que o problemas está na Xunta, que hai que recoller ENCE como industrial e todo o que xa reiteramos pero enreda con iso. Mire, se tivera a máis mínima dúbida racional, un mínimo indicio, de que tirar para adiante co plan ía supor algunha mellora na xestión, nas dotacións ou no modelo de cidade, xa o teríamos feito, xa o

fixemos no seu momento. Neste momento no hai ningunha dúbida de que iso no vai a ningún lado.

No sei onde están as virtudes deses novos PXOM, todos os que os teñen están desesperados, pregúntelle aos de Vigo ou a outros, non sei onde están. Non é cuestión de ser moi esaxerados pero non coñecemos ningunha cidade ou vila que teña un recoñecemento externo ao modelo de cidade que ten Pontevedra, iso é o que me preocupa, que a calidade de vida sexa a máis posible, non ter un fardo de documentación máis nin menos. Repito, virtualidade efectiva e posibilidades reais de sacar o PXOM adaptado a esa desastrosa lei que está en vigor, modificada tropecentas veces, posibilidades reais cero, cero, ningunha, a menos que cambie o horizonte, que a Xunta cambie, mande outro informe ou cambie de criterio e modifique unha serie de cuestións. Diso creo que todo o mundo é consciente e se non é consciente é porque non quere selo.

Polo tanto, o que hoxe se vai votar aquí non é máis que unha toma de posición, cuestión de marcar territorio, que é lexítima, como houbo outras veces que outros quixemos marcar territorio, por exemplo, coa modificación da Constitución ou coas medidas de axuste que tomou o goberno en Madrid en maio de 2010, etc. por vale, territorio marcado, compañeiros do PSOE e do PP, entendemos que o territorio queda perfectamente marcado.

Creo que o asunto está suficientemente debatido, polo menos pola nosa parte, nada máis e moitas grazas.

**Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, señor Mosquera.

Señor Moreira, ten a palabra.

**O Señor Moreira Ferro:** Xa para pechar, señor Alcalde, moitas grazas.

Señor Mosquera, eu no sei se nos entendeu o non nos quere entender, olvídense xa de discutir de aquí e alí, porto seco, ENCE, poña o que queira, o que queira, traia o plan xeral e o aprobamos, o trae e o aprobamos.

En segundo lugar, señor Louro, dende logo aquí nestas bancadas non vai atopar ningún desencontro, se pode haber algún desencontro se atopará nas bancadas nas que se atopa vostede. Teña por certa a intención que lle expreso aquí de colaborar e de aprobar calquera documento de plan xeral que traia o grupo de goberno, é totalmente sincero e creo que aquí dicíndoo no Pleno e quedando nas actas máis claro non se pode ser.

Eu non sei se seremos máis felices ou non se temos un plan xeral, do que estou seguro é de que non teremos mellor futuro se non temos un plan xeral, diso estou seguro.

A Xunta de Galicia é a que aproba definitivamente os plans pero a aprobación inicial e quen elabora o plan é o concello e a Xunta non pode aprobar definitivamente un plan que non fora antes aprobado e presentado por un concello, polo tanto, o primeiro paso témolo que dar nós e aquí teñen a plena dispoñibilidade do grupo municipal do Partido Popular para aprobar un plan xeral, porque creo que é algo crucial e creo que coincidimos, dos 25 concelleiros, por lo menos 14 concelleiros coincidimos nesa posición.

Nada máis e moitas grazas.





Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE ) e o voto en contra de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego), presta a súa aprobación á moción anteriormente transcrita coa emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Reactivar o proceso de elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, requirindo ao Goberno Local para que o traia ao Pleno para aprobación inicial no prazo máximo dun ano.

Segundo.- Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para reclamar á máxima axilidade, lealdade e compromiso para sacar adiante o Plan Xeral de Ordenación Municipal que propoña o Concello de Pontevedra, sen invadir as lexítimas competencias deste Concello en canto á ordenación axeitada o seu territorio, de acordo co interese xeral do municipio.

Terceiro.- Crear unha subcomisión técnico-política no seo da Comisión de Territorio e Infraestruturas para buscar o máximo consenso en torno aos obxectivos prioritarios do Plan Xeral en relación coas dotacións, equipamentos, sistemas xerais e ordenación do crecemento urbano e dos núcleos rurais, así como a ordenación dos terreos afectados por proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

### C) MOCIÓNS URXENTES.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** manifesta: Quería facer unha consideración. Non temos inconvinte en tratar todas as mocións urxentes que sexa o que pasa é que tivemos unha Xunta de Portavoces e avisáronse das mocións. Cuestións que eran coñecidas, tanto o tema do SERGAS como a cuestión de Os Campos son temas que un pode esperar e a outra xa era coñecida antes da Xunta de Portavoces, o digo porque senón se planifica mal, no pasa nada. Non fai falta retirar ningunha, se discuten.

Contesta o **Sr. Moreira Ferro**: Efectivamente, se quere deixamos enriba da mesa a do hospital e tramitamos a que se presentou anteriormente, a do colexio Os Campos.

**RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO A HABILITACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DOS CAMPOS, EN SANTA MARGARIDA, PARA SERVIZO DAS DISTINTAS ASOCIACIÓNS DA PARROQUIA DE MOURENTE E DA URBANIZACIÓN DE MONTE PORREIRO.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), considérase aprobada a urxencia da moción.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é do teor literal seguinte:

“Na parroquia de Mourente e no barrio de Monteporreiro hai diferentes asociacións que precisan de espazos para desenvolver as súas actividades.

Representantes desas asociacións expuxeron a este Grupo Municipal a idea da rehabilitación e recuperación das antigas instalacións da escola infantil Dos Campos para o uso e disfrute das mesmas .

A antiga escola infantil Dos Campos, propiedade deste Concello e que está desafectada a través dun expediente rematado en novembro do ano pasado, está situada nun soar de 2.819m<sup>2</sup> e consta de 3 edificios que se atopan nun estado de deterioro e abandono que os veciños veñen denunciando dende fai tempo e demandando do Concello de Pontevedra a súa limpeza e mantemento.

Por tal motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte proposta de ACORDO:

Habilitar a escola infantil Dos Campos en Santa Margarida para que dea servizo ás distintas asociacións da parroquia de Mourente e da urbanización de Monte Porreiro, podendo rebautizar o local como A "Casa das Asociacións".

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a dona María José Rodríguez Teso, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**A Sra. Rodríguez Teso:** Moitas gracias, señor Alcalde.

Moi brevemente. Todos sabemos que na parroquia de Mourente e no barrio de Monteporreiro hai diferentes asociacións que queren desenvolver as súas labores e que non teñen os espazos suficientes, entón puxéronse en contacto co noso grupo municipal para comentarnos as súas necesidades e nós traemos a este Pleno esta moción, despois de estar visitando a antiga escola infantil de Os Campos e ver en que estado se atopa, a antiga casa dos mestres penso que hai que derrubala porque xa está bastante estropeada pero é unha pena non aproveitar o espazo da escola pequeniña que había ao principio e máis da escola de dúas plantas, precisamente para aloxar a estas asociacións que tanto espazo demandan para as súas labouras e para levar a cabo reunións cos veciños, gardar materiais, etc.

Como xa é algo máis que coñecido e todos sabemos, tamén, que esta parcela xa está desafectada e o concello xa pode aí facer o que lle pareza máis oportuno, o Partido Popular presenta a seguinte proposta de acordo a este Pleno municipal: “Habilitar a escola infantil Dos Campos en Santa Margarida para que dea servizo ás distintas asociacións da parroquia de Mourente e da urbanización de Monte Porreiro, podendo rebautizar o local como A "Casa das Asociacións”.

Nada máis e moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señora Teso.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Señor Fernández González:** Gracias, señor Alcalde.

Bueno, pois nesta voráxine mocional, que non emocional, de mocións presentadas



polo Partido Popular, pois toca discutir esta agora.

A proposta é moi interesante e, dende logo, terémola en conta, porque a nós nos importan os intereses veciñais e, de feito, a petición de desafectación vai nese sentido, agora ben, os recursos do concello son os que son, son limitados, dende logo bastante máis limitados que os recursos da Xunta e da Deputación Provincial, por iso temos que valorar sempre moito onde investimos. Desa valoración sairá alí onde entendamos que fai falla ou hai unha maior necesidade de dotacións, o que no quere dicir que non sexa necesario arranxar as antigas escolas de Os Campos, pero é unha cuestión de oportunidade. Agora ben, non viría mal unha axudiña dende outras administracións que predicán moito pero logo non dan nada, incluso nos quitan cartos que estaban conveniados, Non viría mal que este interese que vostedes amosa aquí o trasladaran a outras instancias a ver si así, ademais de predicar, dan algo de trigo.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Ten a palabra, en representación do grupo municipal do BNG, o responsable de patrimonio municipal, don Vicente García Legísima.

**O Sr. García Legísima:** Moitas grazas.

Saudamos a preocupación e o interese do grupo popular por atender aos veciños pero esa preocupación tamén está deste lado. Fíxese se está que hai máis de vinte centros ou lugares que ocupan as asociacións de veciños e, que eu saiba polas notas que teño, só un corresponde á época anterior do 99, e tamén os hai na cidade. Concretamente a zona esa non creo que estea na situación que vostede di porque a casa de cultura de Monteporreiro utilízase sen problema de ningún tipo, tanto por asociacións culturais como por asociacións de veciños.

O centro social da antiga escola de Cons tamén podería utilizarse bastante máis do que o fan asociacións de veciños. Na zona tamén hai outra que non ten nada que ver co municipio pero é, por exemplo, a que hai alí no cruce, a cultural que leva tantos anos, moi grande, e a propia UNED para actos grandes tamén se pode utilizar na zona.

Descendendo xa ao concreto, nese centro, efectivamente, hai o edificio das vivendas que haberá que derrubalo, non só polo mal estado, senón tamén porque hai un vial previsto por aí. En canto aos outros dous, a finais de anos finalizouse a desafectación e, dende entón, estase co preocupación a ver a que se pode dedicar, non queremos dicir que vaia para as asociacións veciñais ou a outro tipo de asuntos pero lévase feito un orzamento e rehabilitar o que é o edificio central, que sería o primeiro que se abordaría, é posible que chegue a preto dos 500.000, e iso é o que está frenando o seguir adiante, pero bueno, a preocupación do goberno e do grupo do BNG está nese sentido, pero neste momento non podemos votar a favor porque, primeiro, non está decidido, hai algún tipo de asociación que está interesada pero que tamén os frena a forte inversión que terían que facer.

Nada máis e moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor García Legísima.

Señora Rodríguez Teso, ten a palabra.

**A Sra. Rodríguez Teso:** Moitas gracias.

Xa sei, señor Fernández que lles importan os intereses veciñais, ata aí poderíamos chegar.

Señor Legísima, estou totalmente de acordo con todo o que dixo, efectivamente, hai moitísimos centros culturais, se está a facer un esforzo importante, efectivamente é unha inversión seria. Nós non estamos pedindo que esa inversión se faga agora mesmo, simplemente estamos pedindo o seu apoio para que, así como di que a casa da cultura de Monteporreiro se presta para moitas asociacións, nós non teríamos presentado esta moción se non nos presentaran as demandas os veciños. Parece ser que hai moitos veciños, sobre todo a xente maior, a xente da terceira idade, aos que lles gustaría ter un centro onde poder reunirse pois, así de sinxelos, como para xogar as cartas, ter un centro social de reunión, o problema é que din que na casa da cultura de Monteporreiro non poden deixar alí as cousas que eles quixerían usar.

Hai outra asociación que é As flores do Carnaval, que son unhas rapazas e rapaces que teñen unha comparsa que participa moitas veces no desfile e que, agora mesmo, por non ter un espazo onde deixar as cousas que utilizan e levar a cabo os ensaios, que as veces, polo visto, usan os baixas da igrexa, e outras veces non poden usar a casa de cultura porque está ocupada, loxicamente, pois lles gustarían ter un espazo que puidesen utilizar, non só para os ensaios senón tamén para gardar todos os enseres que ten esa asociación de As flores do Carnaval, por dicir unha.

Non estamos dicindo que se vaia facer agora esa inversión que vostede moi ben di que é moi alta, son 500.000 euros, pero si pediríamos o seu voto a favor no sentido de que o concello si ten a intención de rehabilitar iso e, ao mesmo tempo, algún deses espazos, que non ten por que se todo, deixalo para eses veciños.

Nada máis. Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señora Teso.

Sr. Fernández, brevemente.

**O Sr. Fernández González:** Trasladaremos gustosamente esta moción ao noso grupo provincial na Deputación para que a presente contando coa sensibilidade do grupo popular.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Fernández.

Sr. García Legísima.

**O Sr. García Legísima:** Moitas gracias.

Insistir no xa dito e, en canto a esas cuestións particulares que plantexa, deses grupos, pois seguramente se falan co concelleiro do rural encargado desa parroquia hai peticións que poden ser atendidas coas estruturas que hai agora, sen necesidade doutras, como por exemplo sería o centro social antigo de Cons, que se dirixan a el que, sen dúbida, serán atendidos gustosamente. Volvo a insistir en que non podemos votar favorablemente neste sentido porque non sabemos, primeiro, se se pode investir e, segundo, ao que se vai dedicar, porque imaxínese que ven unha



asociación de atención de nenos ou discapacitados e que sexa precisa, non queremos de momento dicir a que se vai dedicar, non estamos en situación.

Moitas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE ), acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular propoñendo a habilitación da escola infantil de Os Campos, en Santa Margarida, para servizo das distintas asociacións da parroquia de Mourente e da urbanización de Monte Porreiro.

#### **D) CONTROL E SEGUIMIENTO DO GOBERNO LOCAL.**

**7.- DACIÓN DE CONTA E DEBATE, NO SEU CASO, DO INFORME DA TESOURERÍA DA CORPORACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DAS OBRIGAS MUNICIPAIS, SEGUNDO ESTABLECE O ART. 4º.3 DA LEI 15/2010, ACOMPAÑADO DA RELACIÓN DE FACTURAS DO ÓRGANO DE XESTIÓN CONTABLE, SEGUNDO O ART. 5 DA MESMA LEI. 1º TRIMESTRE 2013. CONCELLO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS. IGUALMENTE DA SOCIEDADE MERCANTIL TURISMO DE PONTEVEDRA, SEGUNDO REMITE A SÚA PRESIDENCIA.**

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don César Alberto Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**O Señor Abal González:** Buenos días. Gracias, señor Alcalde.

Lamento que no esté Raimundo González Carballo. La ley 15/2010, de 5 de julio, en sus artículos 4 y 5, referidos a las medidas de la lucha contra la morosidad, establece el plazo de 30 días para que la administración abone sus obligaciones desde la recepción de las facturas o documentos justificativos. Desde entonces, y en los ejercicios 2010, 2011 y 2012, en todos y cada uno de sus trimestres, se ha venido vulnerando el límite legal establecido de 30 días. En este primer trimestre del año 2013 nuevamente seguimos incumpliendo el plazo legal, frente al triunfalismo que nos mostraba el pasado día en rueda de prensa el señor González Carballo de que el período medio excedido disminuyese de 30 días a 16 días, nosotros queremos recalcar dos cuestiones principales bastante preocupantes, máxime en un gobierno que presume de salud financiera, primero: el último trimestre del año 2012 los pagos fuera del límite establecidos legalmente fueron, exactamente, 2.080.189,38 euros, es decir, el 23% de toda la cuantía fue pagada fuera de plazo. En este primer trimestre del año 2013 la cuantía pagada fuera de plazo ha ascendido a 3.119.331,35 euros, es decir, ha aumentado desde el 23% al 41% los pagos realizados fuera del límite establecido legalmente. La segunda cuestión la podemos encontrar en el propio informe de Tesorería que nos explica una de las consecuencias de este aumento y dice, textualmente, referido al capítulo 6 del gasto: “debemos destacar como motivos principales el hecho de la tramitación de la incorporación de remanentes para poder imputar el gasto correspondiente”, es decir, traducido, tener un presupuesto

prorrogado y no uno nuevo está provocando un aumento en el retraso del pago de las facturas. Nada más señor Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Abal.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**Señor Fernández González:** Só para dicir: pero pagamos, eh?

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias.

Ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Brevísimo.

Isto é un paripé soberano imposto pola Unión Europea, como moitas outras cousas que estamos padecendo duramente e que, despois, administracións que pagan, que pagan ben e que pagan en prazo, temos que escoitar estas cuestións, que ten un día, ten outro día, habería que ver se a factura está ou non ben presentada, etc., ou iso dos remanente, como que se houbera orzamento novo non se ían incorporar remanentes, íamolos deixar aí, afortunadamente hai remanentes, hai remanentes, e non só iso, senón que aparte inventan para que non se podan gastar, e cousas desas que son bastantes máis graves. Coa que está caíndo, que unha administración pague, teña solvencia para pagar e pague, en 25, en 30, 40 ou 10 días é un auténtico luxo, non son eses os problemas de Pontevedra nin do Concello, dende logo.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Mosquera.

Sr. Abal, ten a palabra.

**O Sr. Abal González:** Una conclusión. Entiendo que usted celebre que se pague, que el proveedor pueda cobrar a 100 días o a 200 días al empresario o al autónomo le da igual, para usted lo importante es que pague, que el Concello pague. Un Concello que presume de solvencia financiera y de un remanente, como usted dice, de más de 7 millones de euros y le da igual el plazo límite para cobrar. Nada más.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** O que non coñecemos aquí, en Pontevedra, é ningunha empresa que tivera problemas porque non lle pagara o Concello, ningunha, na Xunta moitas, moitas, xa non é só os meses que tardan en pagar, é que lles din que non presenten as facturas, e desde que lle din que presenten as facturas despois ao mellor un ano e medio ou dos, moitas. Preocúpense vostedes doutras cousas, por favor. Hai que ter unha cara como non sei. Intentaremos pagar en 29 días, entón daquela estará todo resolto. Non creo que se resolva o tema por catro días.

De todas maneiras, queda dada conta desta cuestión.

Rematado o debate, o Pleno do Concello toma coñecemento dos informes da



Tesourería da Corporación sobre o cumprimento do prazo de pago das obrigas municipais, segundo establece o art. 4º.3 da Lei 15/2010, acompañado da relación de facturas do Órgano de Xestión Contable, segundo o art. 5 da mesma lei. 1º Trimestre 2013, Concello, Organismos Autónomos e Sociedade Mercantil Turismo de Pontevedra.

## **8.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de abril de 2013, así como das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante o mes de marzo de 2013.

## **9.- PREGUNTAS.**

### **A) PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. MIGUEL ÁNGEL MEIJÓN COUSELO, REFERENTE AO COBRO DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS DE CONVIVENCIA CON MOTIVO DA MATRICULACIÓN EN CENTROS ESCOLARES.**

**O Sr. Meijón Coucelo:** Bos días, señor Alcalde.

A pregunta vai dirixida ao señor Fernández e é referente e ven a colación do debatido no anterior Pleno sobre os certificados de convivencia, para confirmar si estaría de acordo en estudar a posibilidade, en este caso, da modificación da ordenanza, tal e como se apuntou nese pleno, para que queden exentos do cobro aquelas solicitudes que teñan como motivo a matriculación en centros escolares, con fines educativos.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, señor Meijón.

Ten a palabra o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

**O Sr. Fernández González:** As miñas competencias en materia de educación redúcense a reparación, mantemento, conservación, realización de actividades e cousas así. O outro é competencia doutros compañeiros de goberno, pregúntelle a eles.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Contestarémolle por escrito, así queda máis claro.

Algunha pregunta máis? Señora Teso, ten a palabra.

### **B) PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, Dª MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ TESO, SOBRE O PLAN DE ABSENTISMO ESCOLAR.**

**A Sra. Rodríguez Teso:** Gracias, señor Alcalde.

A miña é a de sempre, xa nos rimos todos pero a cousa non é para rir. Quero saber se, por fin, xa decidimos traer o plan de abstención ou non, cando o imos traer, se xa non, así algo máis concretiño, sen tirarnos polas ramas nin non sei que, concreto, por favor. Un ou outro ou os dous.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señora Rodríguez Teso.

Ten a palabra o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

**O Sr. Fernández González:** Moi concretiño, me remito á contestación do Pleno anterior.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Fernández.

Ten a palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, dona María do Carme Fouces Díaz.

**A Sr. Fouces Díaz:** A importancia da pregunta require que interveñamos os dous concelleiros. É o programa de absentismo, de abstención abstéñense vostedes ante circunstancias vitais.

O Concello de Pontevedra ten protocolo de absentismo, a parte hai outras cousiñas, tranquilidade que hai moito que facer, hai que informalo, con tempo e traerase.

## **10.- ROGOS.**

Non se presentaron rogos.

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente dá por finalizada a sesión, sendo ás 13:55 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.